

ATENEA

[Revista trimestral do Ateneo Ferrolán · outubro - novembro - decembro 2002]

Presentación do nº 16 de "Cadernos do Ateneo Ferrolán"

Ría de Ferrol. A perla ártabra

O CASTELO DE SAN FELIPE

A FÁBRICA DE LAPIS

SANTOS, BARCOS DE PEDRA E LARES VIALES

Artigos de José López Hermida, Juan J. Burgoa e Andrés Pena Graña.





Falamos do 12º Concurso de Gaita "Constantino Bellón" 2002

Xentes Casares / Marsillach / Vidal Bolaño / Graña

Outras entidades Asociación de xordos de Ferrol

E ademais... SERVICIOS, O PARNASO, MATA-RATOS e A PROGRAMACIÓN DO TRIMESTRE



nº 10



SUMARIO



ATENEA
Revista trimestral do
ATENEO FERROLÁN
Nº 10.
Outubro-Novembro-Decembro
2002

DIRECCIÓN E COORDINACIÓN
ATENEO FERROLÁN

REDACCIÓN E ADMINISTRACIÓN
Rúa Madalena, 202, 1º.
FERROL

Tlfnos.
981 35 79 70 / 981 35 40 98

Fax.
981 35 40 98

E-mail:
a_ferrol@teleline.es

Web.
www.ateneoferrolan.org

ISSN: 1575-9679

Depósito legal: C-1937/99




REDACCIÓN
Luis Calvo Teijo,
Fernando Ocampo Montesinos
e María do Mar Villares Díaz

DESEÑO E MAQUETACIÓN
María Marqués

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA
Margarita Souto Fraga

ILUSTRACIÓNS DAS CABECEIRAS
Leandro

COLABORACIÓNS
Adriana Fernández Acebo, Andrés Pena Graña, AXF (Asociación de xordos de Ferrol), Eliseo Zaera Ríos, Juan J. Burgoa, Luis Calvo Teijo, Roberto Casteleiro, Antonia López García, Xoán Rodríguez Silvar, José López Hermida, Estívaliz Espinosa e Elia Rico.



EDITORIAL

abemos que acadar os sinais de identidade dun pobo non é tarefa dun día. Nese proceso de configuración, FERROL ten pegadas identificativas dabondo que, en diferentes épocas e por diversas institucións, entidades e persoas foron realizadas e quedaron reflectidas intermitentemente ó longo da súa historia.

Así, unha das características máis salientables é a súa íntima relación coa Ilustración. Velaí que ésta sexa, de sempre, unha "reivindicación" da cidade. Ultimamente, esa idea, cada vez máis recoñecida, vén aglutinando ó seu arredor un importante colectivo de Entidades, Sociedades e persoas dispostas a loitar por éla, establecéla e defendéla como unha nova "FUENTEOVEJUNA":

¡ FERROL, CIDADE DA ILUSTRACIÓN ¡

A tarefa de agora é recuperar, resaltar e difundir esa identidade. Rescatar os valores máis significativos e permanentes dese século das luces no que se desenvolve a nosa cidade dende os planos urbanísticos, industriais, estratéxicos, sociais e culturais. Recuperar e dar esplendor ó máis salientable no urbano. Restablecer e poñer en servicio, como mostra, recordatorio e espello da historia, tódalas instalacións defensivas que foron baluartes inexpugnables e bases operativas inigualables no seu tempo.

Acadar o nivel de exposición, no eido da industria naval civil e militar, que a FERROL lle corresponde pola súa longa traxectoria neste campo que tanto marcou durante séculos a vida de FERROLTERRA. E ofrecer, ós cidadáns e ós visitantes, actividades, exhibicións, oportunidades de goce e lecer nos aspectos máis significativos da ILUSTRACIÓN e no marco axeitado que a cidade posúe de seu e que está sendo revalorizado.

Dende o ATENEO FERROLÁN, sen protagonismos, cóbado con cóbado con diversas Entidades, grupos de cidadáns e cidadás preocupados pola cidade e o seu futuro, profesionais, artistas, intelectuais, persoas que queren sumar, colaborar, arrimar o "ombro" (ás veces non se sabe onde), estamos na teima de avanzar, lenta pero solidamente, ata conquerir esa imaxe, esa referencia obrigada, ese reclamo e "marchamo" da identidade: "FERROL, CIDADE DA ILUSTRACIÓN" .

A DECLARACIÓN de Patrimonio Cultural Mundial para o conxunto Castelos da Ría-Arsenais, en proceso con múltiples e importantes apoios (o noso tamén), o impulso que dende FERROL se está a dar á rede de CIDADES DA ILUSTRACIÓN, as "pinceladas" de acompañamento-ambientación que axudan ó obxectivo como son as FEIRAS MEDIEVAIS, as conmemoracións da BATALLA DE BRIÓN, a posta en escena de obras de teatro da época no marco axeitado, o proceso de recuperación e restauración do Barrio da Magdalena, a posta en servicio en poucos meses de espacios culturais que se enmarcan perfectamente na CIDADE DA ILUSTRACIÓN: Teatro Jofre, Museo Naval, Ferrerías e outras áreas da cidade. Todo isto fainos concibir ilusión e fondas esperanzas de que con sintonía de tódolas instancias implicadas: Institucións, Entidades, Sociedades, particulares e cidadáns de toda clase e condición, conseguiremos acadar para as vindeiras xeracións ese conxunto de realidades e realizacións que definan e identifiquen a FERROL como a CIDADE DA ILUSTRACIÓN por excelencia deste País.

Aínda quedan moitos pasos a dar, moitos apoios que conquerir, moitas vontades que conquistar. Esperamos que ningún atranco ou "zancadilla" que superar, pois estamos seguros de que non pode haber razón algunha de oposición e esta tarefa de todos que esixe apoio claro ós obxectivos con moita constancia e perseverancia.

Se as condicións e o avance nesta idea que propuñamos o permiten, o ano que vén, este DÍA DA ILUSTRACIÓN do 2002 pode transformarse na SEMANA DA ILUSTRACIÓN 2003.

Hai moito que traballar para isto, pero hai tempo e seguro que vontades e colaboracións tamén. 88

ATENEO FERROLÁN

SERVICIOS




AS NOVAS INCORPORACIÓNS NA BIBLIOTECA - HEMEROTECA

PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS




Anuario da Gaita
Nº 16
Actividades no eido da gaita no ano 2001



Cátedra
Nº 9
Revista eumesa de estudios.




Fadamorgana
Revista galega de literatura infantil e xuvenil




Ferrolanálisis
Nº 17




Dez.Eme
Nº 5
Revista de historia e ciencias sociais da Fundación 10 de Marzo de CC.OO.



Tempos Novos
Nº 63
Revista mensual de información para o debate.



Brigantium
Vol. 13; 2002
Boletín do Museo Arqueolóxico e Histórico da Coruña.
"Entre a cidade e a aldea. Estudio aequeohistórico dos aglomerados secundarios romanos en Galicia"



Anuario de Ferrolterra
2002
Miguel Toval (dir.)
Ed. Edicións Embora. Ferrol.

OBRAS DE REFERENCIA

Enciclopedia Galega Universal
Ed.Ir Indo,Vol. nº 7

Enciclopedia Británica

Anuarios de Difusora internacional

Enciclopedia *Proxecto Galicia*
Hércules de Edicións.Tomo XXXIV

PRENSA DIARIA

Diario de Ferrol

La Voz de Galicia

O Comarcal

A Nosa Terra

O Correo Galego

El Correo Gallego

Faro de Vigo


El País

El Mundo




AS NOVAS INCORPORACIÓNS NA BIBLIOTECA - HEMEROTECA

NOVIDADES BIBLIOGRÁFICAS




Cantares da tía Antonia de Atás
Xosé Luis Foxo.
Ed. Escola Provincial de Gaitas.
Deputación de Ourense
D.L. OU 92-2002



Boletín de estudios de genealogía, heráldica y nobiliaria de Galicia
Carlos Acuña Rubio (et. al.)
Ed. Asociación de genealogía, heráldica y nobiliaria de Galicia;2002
ISSN: 1579-2293



Ángel del Arenal e o Ferrol da Ilustración
VV.AA.
Ed. Centro Ártabro de estudios.
Cadernos ártabros nº 2
ISBN :84-607-4551-1



La expedición de Iglesias al Amazonas
Pedro López Gómez
Ed. Organismo autónomo de parques nacionales. Madrid, 2002
ISBN : 84-8014-344-4



La transición en Ferrol
Enrique Barrera Beitía
Ed. Edicións Embora.
Ferrol,2001
ISBN : 84-95460-14-9



1996-2001. 35 años de radio en Ferrol
Julia Díaz Sixto (dir.)
Ed.COPE – Ferrol
D.L.: C-2600/01



José Lucas Labrada Romero. Un ilustrado ferrolán do século XVIII
Juan José Burgoa Fernández
Ed. Concello de Ferrol-Concellería de Cultura
D.L. : C-1644/01



Las fábricas de curtidos en la ría de Ferrol (1783-1956)
Justino Fernández Negral
Ed.Edicións do Castro.
Sada, 2002
ISBN : 84-8485-049-8



SALA DE EXPOSICIÓNS

1) **PERIODICIDADE**. Deberán transcorrer, cando menos, dous anos dende a anterior mostra individual presentada polo autor na Sala de Exposicións do Ateneo Ferrolán.

2) **SALA DE EXPOSICIÓNS**. A cesión da Sala e as horas de visitas do público serán os establecidos polo Ateneo Ferrolán. A utilización da sala conleva uns gastos engadidos –fixos e extras– que correrán por conta do autor da exposición, por un valor de **200 €, para o público en xeral**, salvo no caso dos **socios/as do Ateneo que se establece en 100 €**. Esta cota leva implícitos os dereitos como contrapartida, por parte do Ateneo de:

- Confección e impresión de cen tarxetones ou dípticos, a 1 tinta.
- Inauguración pública da exposición, cun viño de obsequio
- Apertura da exposición e gastos implícitos, incluídos os domingos intermedios
- Gastos de luz e megafonía.

· *Como alternativa, o expositor/a poderá asumilo contido deste apartado, e só tería que aboar ó Ateneo Ferrolán* ***30 € (Socios/as e público en xeral)*** *en concepto de gastos da Sala de Exposicións.*

3) **MATERIAL IMPRESO**. Terá que ser en galego e debe figuralo logotipo do Ateneo Ferrolán co enderezo, teléfono e demais referencias. O deseño terá que ser entregado con antelación, 15 días antes da exposición, no Ateneo para a súa aprobación.

4) **MONTAXE E DESMONTAXE**. A exposición deberá ser montada e retirada polo autor ou persoa autorizada por el, adaptándose ás datas e horarios marcados polo Ateneo Ferrolán. O Ateneo achegará unha persoa que colaborará neste traballo.

a) A Sala concédese nas condicións de instalacións nas que se atopa, non autorizándose ningunha modificación que conleve alteracións na súa estructura.
b) Os gastos de transporte e embalaxe da obra serán por conta e risco do autor.
c) O Ateneo Ferrolán velará pola conservación das obras, non responsabilizándose, en ningún caso dos posibles danos ocasionados por perda, destrucción ou deterioro que poidan ocasionarse durante o traslado ou permanencia na Sala.

5) **CONCESIÓN**. A Sala concédese por un prazo máximo de quince días naturais, destinando non máis de doce días para a exposición ó público e os restantes para os traballos de montaxe e desmontaxe da obra. O Ateneo Ferrolán resérvase o dereito á rescición do presente contrato, previo aviso de quince días de antelación, sen que o autor teña dereito a reclamación nin compensación ningunha. Unha vez coñecida a obra a expoñer, o Ateneo resérvase o dereito a prohibir ou retirar parte ou totalidade desta, sempre que se considere que esta non reune os mínimos de calidade para a súa exposición pública.

6) **REFERENCIAS PROFESIONAIS**. O solicitante deberá de achegar con este documento un dossier no que incluirá o *currículum vítae*, material impreso doutras exposicións, recortes de prensa e fotografías dalgunhas das obras a expoñer ou obras recentes.

7) **DOAZÓN**. O autor, previo acordo coa entidade, comprométese a doar unha obra da mostra realizada que pasará a formar parte do Patrimonio da Entidade.

8) A SINATURA DO PRESENTE DOCUMENTO IMPLICA A ACEPTACIÓN DE TODAS E CADA UNHA DAS CONDICIÓNS INCLUÍDAS NEL.

CESION DE LOCAL

DON / DONA .... CON Nº DE SOCIO/A ....
E DOMICILIO EN .... CO TELÉFONO .... ACTUANDO EN NOME DE
....
PARA OS EFECTOS DE FORMALIZACIÓN DESTE DOCUMENTO DE CESIÓN DE LOCAL, FAISE RESPONSABLE DIANTE DO ATENEO FERROLÁN DO LOCAL QUE SE LLE ENTREGA EN PERFECTO ESTADO O DÍA .... E ÁS .... HORAS, COMPROMETÉNDOSE Ó SEGUINTE :

CONDICIÓNS:
1.- RESPECTA-LAS NORMAS MARCADAS POLA ENTIDADE.
2.- O HORARIO DE UTILIZACIÓN DO LOCAL, DEBERÁ AXEITARSE Ó FUNCIONAMENTO DO ATENEO.
3.- DEIXA-LO LOCAL UTILIZADO NAS MESMAS CONDICIÓNS QUE O RECIBIU, FACÉNDOSE CARGO DE TÓDOLOS GASTOS QUE PUIDESE OCASIONA-LA SÚA UTILIZACIÓN.
4.- ALUGUER POR DÍA 50 €. (ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO – GRATUÍTO)



Dende ATENEA saudamos con interese e grandes espectativas a posta en marcha de dúas actividades no eido do pensamento e a filosofía.

Por unha banda un grupo de rapaces e rapazas dos que nos chegan ás mans unha curiosa e variopinta publicación, o nº2 da revista "MORITURI"

......¡Interesante!.

Por outra, a consolidación dun grupo de achegamento, reflexión e debate sobre o descoñecido e esquecido mundo da FILOSOFÍA. Teñen un encontro-tertulia unha vez ó mes.

.......¡Moi interesante!.


Estase a constituír (con sede provisional no Ateneo) unha sociedade de recuperación da memoria histórica sobre os represaliados, perseguidos e asasinados durante e despois da Guerra Civil Española:

"MEMORIA HISTÓRICA DEMOCRÁTICA".

.......¡Nunca é tarde cando se trata de poñer as cousas no seu sitio!.



... E NO COMITÉ CIDADÁN SEGUIMOS A TRABALLAR COA "PLANTA DE GAS".



LEMBRANZA

ATENEO FERROLÁN

O pasado 9 de marzo, antes de que o sol de verán chegara, deixou de estar fisicamente entre nós, Carlos Casares, terceiro Presidente do Consello da Cultura Galega, ourensán de pura cepa, galego universal, corazón de diamante, rostro e alma bondadosos, amigo dos paxaros, das plantas, dos animais, amigo dos nenos, dos nenos pequenos e dos nenos grandes, amigo dos homes dende o coñecemento exquisito, de quen tanto temos gozado e podemos aprender a través da súa obra literaria, dos seus relatos, ensaios, novelas, contos, poemas, traballos de investigación e crítica, cotiá presencia xornalística, e sobre todo da súa sensibilidade, da súa sinxeleza, da súa imaxinación, dese exemplo de tolerancia, de amor ás xentes e ás cousas de Galicia que sempre nos ha brindar.

artículos para O Averno dos xoves ou rifando coa Musa Clío, facéndolle degrañar novas bromas á historia, co seu enxeño xoguetón, coa súa gracia de fondas raíces que diría Torrente. E falando sempre –segundo Rivas- coa rosa, o raposo e o Principiño; argallándonos novos xoguetes para todo tempo, rodeado de laranxas,

Paseará as queridas terras de Xinzo, e cruzará San Fiz de Vilariño e Baiona, camiño da tertulia con Otero Pedrayo, Don Gonzalo, Luis Mariñas, Risco, Ramón Piñeiro, o Padre Sarmiento....

Compartirá tamén, a porta do Ceo, o banquiño e a conversa co seu amigo pontevedrés o Xudeo Xacobe, escoitarao con atención, e cun chisco de sa ironía, como facía a cotío, erguendo unha cella paralela ó sorriso.



«Andará, de seguro, paseando cun libro na man,... de estrela en estrela,... Carlos Casares, amigo desta Casa, amigo de todos, amigo...»

Como dixo Dolores Vilavedra, "Nunca nos deixará de todo, fica connosco a través da súa obra literaria". Andará, de seguro, paseando cun libro na man, toda a Galaxia, de estrela en estrela, soñando co Grial, acompañado do Can Rin e o lobo Crispín, de Toribio o neno inventor, dos mortos daquel verán, de Casto Cabezas, o seu heroe lexendario, matinando novos

Pero na marxe de cada día, este noso embaixador no país da palabra, sentarase nun sillón azul, e observaranos a través da ventá, verá as nosas inquedanzas, dolores, amores, ledicias, nostalxias.... feridas por un vento de tenrura.

Carlos Casares, amigo desta Casa, amigo de todos, amigo......

ADOLFO MARSILLACH:
ÉTICO E ESTÉTICO *IN MEMORIAM*

Por Roberto Casteleiro

Aínda retirado, volveu ó Teatro; sempre afirmou a súa vocación teatral. Volveu en compañía de Nuria Espert: "¿Quién teme a Virginia Wölf?". Parece que o paso seguinte o encamiñaban con intencións éticas e estéticas, como revulsivo na escena española. Tal para cal. A Espert tamén viña nesta traxectoria; dende o seu compromiso lorquiano ata as súas montaxes revolucionarias no teatro operístico, incluído o escándalo coa súa nova lectura do drama "Madame Butterfly".

Marsillach tratou de que Ética e Estética non fosen cada unha polo seu lado. Tratou con man mestra, a ensamblaxe de ámbolos valores; máis hoxe, onde o estético se avalanzou sobre o ético.

Marsillach, dende "Marat-Sade", "Sócrates", "El tartufo", personaxes cinematográficos como "Ramón y Cajal", Carlos III en "Squilache", ou o seu compromiso co Teatro Clásico, toma posicións mediante un novo discurso que enlace o ético e o estético, para unha nova sociedade. Calquera desas interpretacións proponnos unha andadura ética, incómoda, pois supón unha ruptura con éticas desprazadas, anacrónicas. Así, entendemos cánto vai incomodar esta ética, cando choque cos valores máis ou menos rancios do momento. Lembrémo-la crítica ó novo momento executivo, chegada dos tecnócratas, coa nova lectura do "hipócrita" escrito por Moliére: "Sómo-los executivos: do avión ó salón, do salón ó avión ..." .

A súa etapa á frente, como director polémico, proporcionaranos un novo entender do noso Teatro Clásico, dende o antiguo "Teatro de la Comedia". Volta de folla, profundizar naqueles valores éticos tan queridos: o honra, o humor, liberdade na elección matrimonial, a usura, a inxustiza, a liberdade cidadá, etc..

Fonde o ético e o estético, conseguindo o recoñecemento internacional como invitado nos grandes festivais do Teatro Clásico. Algo descoñecido cando de teatro español falamos.

Para entende-las ausencias políticas, impolíticas, recordémo-la súa negativa a renova-la dita dirección teatral coa chegada "popular". Non o perdoaron, nin morto. El sabíao.

Quizás esta problemática relación Cómicos e Poder, xa a albiscara dende había tempo. É a reflexión de A. Boadella cando afronta con "Els Joglars" a súa montaxe "El Nacimal". Subestímase a liberdade dos artistas fronte ó Poder cando reciben a "subvención". Difícil dilema que pagan caro cando a Arte resolve independizarse e enfrontarse. ✠

«Marsillach toma posicións mediante un novo discurso que enlace o ético e o estético, para unha nova sociedade. Fonde o ético e o estético, conseguindo o recoñecemento internacional».

ROBERTO VIDAL BOLAÑO

RESEÑA FALECEMENTO:

11 DE SETEMBRO DE 2002

Reproducción da súa participación e conclusión da Mesa 3 C no Ateneo Ferrolán durante a celebración do:

1º ENCONTRO DO TEATRO PROFESIONAL GALEGO

CONCLUSIÓNS

O escandaloso desinterese mostrado pola Televisión Galega desde a súa creación ata hoxe pola producción de dramáticos, lévanos a face-las seguintes consideracións:

- A Televisión Pública non xustifica a súa existencia atendendo soamente na súa producción propia a áreas de informativos e de programas musicais, de debate ou documentación, senón que ten a obriga de mostrar e canaliza-lo feito creativo relacionado coa ficción como son:

    1.- Gravación e exhibición dos espectáculos teatrais que se producen no país.
    2.- Dramáticos específicos para televisión.
    3.- Producción propia de ficción.

- A maior fonte de financiamento de tódalas televisións é, despois da publicidade, a producción dramática.

- Ante a reiterada afirmación por parte dos que ostentaron e ostentan a dirección desa casa sobre a ausencia de profesionais que puideran darlle corpo a eses espacios dramáticos, consideramos inválido tal argumento tendo en conta que:



1.- Non pola ausencia dun colectivo suficiente de técnicos (iluminadores, cámaras, xestores, realizadores, productores, etc.) para poñer en marcha unha televisión neste país, deixou de facerse.

2.- Que a relación de profesionais existentes (guionistas, directores, escenógrafos, actores,... etc.) é suficiente e capaz para acometer tal empresa, como se pode demostrar acudindo á historia visual e escrita deste país nos últimos 15 anos.

Esiximos que se teñan en conta estas consideracións de inmediato, para poñer fin a esta inxustificable situación.

NOVEMBRO do ANO 1990
ATENEO FERROLÁN





BERNARDINO GRAÑA

Por Antonia López Garcia

Uns breves datos biográficos acerca de Bernardino Graña sitúan o seu nacemento en Cangas do Morrazo, no ano 1932. Aínda que o seu pai era mestre nacional, a familia estaba moi vencellada ao mar, ambiente no que transcorreu a maior parte da infancia de Bernardino Graña. No ano 1954 comezou na universidade de Santiago estudios de Filosofía e Letras que logo o levarían a Salamanca e a Madrid, cidade onde se consolidaría a súa vocación de escritor e onde coincidiría cun grupo de rapaces novos, estudiantes coma él, que aínda seguindo posteriormente traxectorias moi dispares, tiñan en común a preocupación galeguista, a simpatía polos movementos políticos de esquerda e as vangardas artísticas e intelectuais. O labor profesional de Bernardino Graña desenvolveríase posteriormente no ámbito do ensino, por veces fóra de Galicia pero maioritariamente na terra, ata a súa xubilación no instituto María Soliña, no seu Cangas natal, vila na que reside actualmente. Aínda que Bernardino Graña é coñecido fundamentalmente como poeta, a súa obra desenvolveuse en tres eidos diferentes. En primeiro lugar, o xa citado da poesía, en segundo lugar habemos de citar o teatro, con obras como a farsa cómica, *Os burros que comen ouro nunca cabalos serán* ou o drama *Vinte mil pesos crime*, por último en prosa podemos destacar a obra costumista *Fins do mundo*, xunto a unha manchea de contos infantís. Independentemente do xénero cultivado, podemos observar tres eixos na súa obra: o lirismo, a farsa e humor e o costumismo.

Para comprende-la obra de Bernardino Graña resulta moi esclarecedor situa-lo poeta no seu tempo e no seu espacio. Estes datos axudan a comprende-lo decorrer vital de calquera persoa, aínda que no caso dun escritor intuímos unha maior sensibilidade á hora de capta-la realidade, unha maior profundidade na emoción e unha reflexión tal vez máis fonda, que fan xurdir na persoa a necesidade da escrita, independentemente do seu éxito ou repercusión social posterior. Toda vida ten un contexto pero non cabe dúbida de que uns momentos históricos son vividos como un tempo pousado, sen desacougo, mentres que outros están sinalados pola vertixe do cambio. Se volvemos a vista ao contexto galego da segunda metade do século XX, observamos un profundo cambio producido en moi poucos anos que tivo como consecuencia, de feito máis visible, a transformación física do País, pero xunto a esta tamén se produciron profundas transformacións do modo de vida e no sistema de valores. Sen botar man de datos e datas que determinarían con máis precisión estes cambios, todos somos conscientes de que en moi poucos anos, as décadas dos 50, 60 e 70, Galicia pasou de ser un país eminentemente rural a ter predominio de poboación urbana e de sectores productivos da pequena industria e os servicios. Este feito vai marca-la vida e a obra de moitos escritores galegos que, nacidos no rural, viviron neles mesmos a marcha á cidade e a incorporación aos novos eidos laborais.

Bernardino Graña, nado en 1932, viviu este fenómeno que ben pode se-lo signo que defina o século XX en Galicia: a perda da sociedade tradicional galega. Proceso transformador que se fixo mal que ben, artellado desde fóra do país, respondendo a unhas necesidades alleas a nós pero seguido co engado que suscitan as novidades. Entre as numerosas localizacións que permite a obra de Bernardino Graña penso que observar na súa obra as contradiccións da sociedade moderna pode ser un vierio adecuado. Todo mundo perdido, e maís cando está vencellado á infancia, é evocado con nostalxia e certa idealización. No caso de Bernardino Graña hai unha auténtica admiración polos sinxelos heroes anónimos: mariñeiros de Cangas, traballadores do agro galego, emigrantes .... en suma, as clases humildes. Os relatos da obra de Bernardino Graña *Fins do mundo*, así como moitos poemas, principalmente de *Profecía do mar* e *Non vexo Vigo nin Cangas*, teñen moito de homenaxe a estes xentes. Nelas valora unha vida ateigada de dificultades, enfrontadas con fortaleza e valentía, admira deles unha sabiduría e un tempero que amosan xunto á sinxeleza e humildade.

ODA AOS MARIÑEIROS DE CANGAS
(...)

Pero rompe, que podes, contra o medo,
Dálle avante con forza, anque che doa,
Contra noites e néboas pon a proa,
Mariñeiro de Cangas, e vén cedo.
Vén loguiño a vender o peixe a Vigo
E trae unha canción do son dos mares
Para beber e cantar xuntos nos bares,
Mariñeiro de Cangas, meu amigo.

Profecía do mar.



En troques, a sociedade industrializada e o home habitante da grande urbe, ou de tantas pequenas cidades galegas feitas á súa imaxe e semellanza, tamén aparece pouco a pouco coas súas présas e as súas tolemias, as súas pequenas batallas carentes de heroísmo e os seus inventos: as radios, os coches, os teléfonos, os burócratas, os xenerais e os marcianos. O adxectivo que podemos aplicar con máis precisión a esta sociedade é a vaidade: enganado polo poder que o diñeiro e a técnica están poñendo nas súas mans –aínda que seguen a ser torpes e inseguras– o home que atopamos a través destes versos aparece fachendoso, autosuficiente, empachado ata o atordamento con tódolos inventos que a industria lle ofrece. Pero a súa vaidade é tamén a dun ser baleiro, desprovisto de sentimentos, en espera de tempos máis propicios, entretido coas emocións fugaces e vas que a sociedade prefabrica para el.

Cada mañá voarías máis que os merlos,
Máis alto, máis gozando de aire e terra,
Quixeras ir mirando, recreándote,
Pero has de producir e de ter présa,
E has de mercar un coche e ir en ringleira
e verte de formiga e sen protestas.
Non vexo Vigo nin Cangas.



Bernardino Graña participa da rehumanización da arte que ten lugar a partir dos anos 50, pero con respecto á poesía social habemos de dicir que na poesía de Bernardino Graña non se dá unha oposición entre o proletario e o patrón, senón unha oposición entre a tradición e modernidade, contraposición de dous mundos, de dous sistemas de valores. Nesta comparanza a sociedade tradicional galega resulta idealizada e, en troques,a nova sociedade industrial é observada cunha mirada moi crítica. Daquela, a poesía de Bernardino Graña reúne uns valores estéticos –en tanto renovación da linguaxe, síntese da poesía anterior e innovacións técnicas– xunto cun claro contido ético: ofrécenos dous modelos de relación do home consigo mesmo, coa natureza e co País, unha relación de cooperación, axuda, "amor" e un modelo de competitividade, agresión e por último destrucción. Chegamos desta forma aos dous grandes componentes de historia humana novamente enfrontados: o amor e a guerra, eros e tánatos, creación e destrucción. O vitalismo, o valor do amor, da amizade, do compromiso político poden facer que á hora de comentala, a poesía de Bernardino Graña resulte difícil ou incómoda debido á claridade con que amosa uns valores éticos dos que hoxe a obra artística está bastante máis alonxada ou amosa con maior sutileza: hoxe en día estamos ante unha ética e unha estética máis ambiguas.

Igual que a concepción do mundo e do home se asenta unha antítese de vida e morte, o espírito do poeta tamén oscilará entre varias emocións contradictorias: a ira e a tenrura. Hai en Bernardino Graña unha especial simpatía polo pequeño, o sinxelo, o que é pouca cousa. Fixarase daquela no mundo dos nenos, para os que creará contos infantís e obras de teatro, pero tamén poemas tan fermosos como o adicado ao "Gato da tasca mariñeira". Creará poemas de amor e desamor empregando formas innovadoras ou retomando o clasicismo dos sonetos.

Amiga hoxe os ventos por fin soio cantan
E erguéronse tolas aves en bandadas
Ao sentir teu paso de música clara
E pescan nas luces neses novos peixes
Que levas na ollada (...)
Sima-cima do voar do tolo.

Lembrará tamén o valor da amizade, neste tempo de barullos e silencios. Os amigos de todo tempo e lugar, coa única condición de ser homes e mulleres que amaron o seu tempo e o seu País, irán sendo recordados na palabra do poeta: John Lennon, os combates da Intifada, Miguel Hernández, Neruda, os vellos poetas provenzais ou os apreciados compañeiros de xeración ...

A Terra tamén será evocada con especial emoción.

Alá, en Tirán, o Outono era ben doce.
Cantaba unha bubela e algún xílgaro,
Sentíase o loureiro coma incenso,
Sagrado abraio no aire e, entre as ponlas,
Murmurios silandeiros coma pregos,
Cadencias garimosas e pequenas
Entrando polas veas deica a alma
Cun son ceremonial.
Non vexo Vigo nin Cangas.

Pero cando chega a ira, todo no poeta se volve berro violento: sucederanse imaxes de mar embravecido que ameaza con devorar esa urbe que como monstro desproporcionado estende as súas poutas na beiramar. O poeta cuspirá contra as mares de petróleo, contra os fumes das chemineas, maldirá o corazón do home endurecido polo diñeiro: son duras palabras de obras como *Vinte mil pesos crime* ou versos de poemarios como *Luz de Novembro, Himno verde* ou *Se o noso amor e os peixes Sar arriba andasen:*



Os que a ninguén aman os ouros deifican
E cóidanse deuses nos bancos absurdos
Entre papelorios.


Os que a niguén aman fan as autopistas
Para que circulemos máis raudos ao absurdo
Cada vez máis tolos.

Os que a ninguén aman son os que urbanizan
E nos engaiolan en tristes cementos
Como tristes monos.

Son os que trafican
Con cañóns e artes de espallar mal fogo
E andan esfachando os volcáns máis puros
Da ilusión e o soño.

Son os que nos guían
E non teñen ollos.

Dos que a ninguén aman librémonos pronto
librémonos pronto
librémonos pronto (...)




ASOCIACIÓN DE XORDOS DE FERROL

A Asociación de Xordos de Ferrol é unha entidade sen ánimo de lucro, de ámbito comarcal, declarada de utilidade pública o 18 de xaneiro de 1974 e constituída en 1973, con domicilio social en Ferrol, rúa Rubalcava, 65- entr.

Réxese por úns estatutos reformados e aprobados en asemblea xeral e autorizados pola autoridade competente en materia no ano 2000.

Conta, a 31 de agosto de 2001, con 45 persoas xordas como socios ordinarios, e con 5 persoas oíntes. como socios protectores.



Os obxectivos fundamentais, son representar e defende-los dereitos de todo o colectivo ó que representan, co fin de consegui-la súa plena participación e integración na sociedade, e impulsa-lo código propio co que conta a comunidade xorda: a lingua de signos española.

O movemento asociativo é, dende hai tempo, un fenómeno de expansión, especialmente naqueles colectivos nos que, debido á realidade social, non existe unha verdadeira igualdade de oportunidades, como é o caso das persoas xordas.

O labor das asociacións é recolle-las necesidades, demandas, suxestións, opinións e reivindicacións dos seus socios, coa intención de darlles resposta ben dende a propia asociación, ben trasladándoas ás distintas instancias públicas.

Para isto, a Asociación de Xordos de Ferrol traballa no ámbito da política social, mantendo contactos con distintas institucións públicas e privadas, e desenvolvendo actividades para sensibilizar á sociedade sobre os problemas derivados da carencia ou as dificultades de audición, así como para elimina-las barreiras coas que se encontra a comunidade xorda.

Dende o ano 1973, en que foi creada a Asociación de Xordos de Ferrol, desenvolvemos un labor de atención, representación e defensa das persoas xordas, realizando diversas actividades culturais, sociais e deportivas.

A AXF conta actualmente coas seguientes actividades e programas:

PROGRAMA DE ATENCIÓN E ORIENTACIÓN


- Información e orientación á comunidade xorda, familiares e institucións.
- Asesoramento sobre recursos para a comunidade xorda.
- Eliminación das barreiras de comunicación.

ACTIVIDADES DE INFORMACIÓN:

- Información telefónica e entrevistas na entidade.

ACTIVIDADES PROPIAS DAS COMISIÓNS:

- Charlas Informativas.
- Conferencias.
- Cursos.
- Talleres.
- Videoteca.
- Viaxes Culturais.
- Senderismo.
- Equipo De Fútbol-Sala.
- Campionatos de xogos de mesa.
- Informativo semanal para xordos (Canal 31).



CURSOS DE LINGUA DE SIGNOS ESPAÑOLA

- Ofértanse tres niveis, con 130 horas de duración cada un, entre outubro a maio.

Pola súa parte, a AXF ó estar adherida á Federación de Xordos do país galego, permite que os seus socios poidan participar nestes servicios.

- Orientación profesional e bolsa de emprego.
- Servicio Galego de Colocación.(SEGAC).
- Servicio de Intérpretes de Lingua de Signos Española y Guías-Intérpretes.
- Centro de formación:
  - Información a persoas que perden audición.
  - Información a pais de nenos xordos.
  - Información e formación a profesionais do ámbito médico, educativo e social.
  - Servicio de atención psicolóxica.
  - Servicios de apoio a nenos xordos escolarizados en centros ordinarios.
  - Formación de formadores.
  - Cursos de formación permanente.
  - Cursos relacionados con novos empregos na comunidad xorda.

Á súa vez, a AXF conta cun Servicio de Atención a Persoas Xordas posto en marcha pola F.A.X.P.G.(Federación de Asociacións de Xordos do País Galego) e, a través deste, as diferentes asociacións de xordos de Galicia prestan ó colectivo xordo unha atención especializada baseándose nas súas necesidades específicas.



Lévanse a cabo, entre outros, servicios de información, orientación, atención e promoción das persoas xordas coa finalidade de favorece-la súa autonomía e a súa integración social.

Os profesionales que integran o SAPX son:
- Axente dinamizadora
- Traballadora social
- Intérprete de Lingua de Signos Española.

«Búscase que a sociedade se sensibilice coas necesidades das persoas xordas para logra-la súa plena integración na vida pública e axudalas a conseguir os seus obxectivos»



12º CONCURSO DE GAITAS CONSTANTINO BELLÓN 2002

Por Xoán Rodríguez Silvar

Vén de ter lugar no auditorio da Feira de Mostras (FIMO) de Ferrol o pasado día de San Ramón, o duodécimo concurso de Gaita Galega *Constantino Bellón*. Este evento pecha, xunto coa sesión de fogos de artificio de media noite, as festas da cidade. E desta volta converteuse tamén nun broche para as festas estivais da gaita en Galicia, porque doce anos fan unha ducia, poderíase dicir; pero cando son doce convocatorias ininterrompidas, doce, dun concurso de gaita solista que, ademais, solicita dos concursantes a interpretación de dúas obras das que unha debe ser inédita, o dato é singular. Se ademais se ten en conta que este é o único concurso de gaita (e probablemente de calquera instrumento) que se grava en directo, rexistro que se publica no ano seguinte, estase ante un concurso que logrou converterse nun referente para a gaita galega.




Xoán Rodríguez Silvar

Non só "gañar o Bellón" dá prestixio ás decenas de gaiteiros e gaiteiras que teñen enviada a súa candidatura á participación no concurso, xa o feito de ser seleccionado sitúa aos elixidos nunha selecta elite dentro dos milleiros de intérpretes de gaita. A posibilidade de acudir a Ferrol o día de San Ramón, temperar gaitas no Ateneo Ferrolán, comer en conxunto cos demais participantes e subir á soidade dos escenarios visitados polo "Bellón" –o vello Teatro Xofre inesquecible, concatedral de San Xiao, Auditorio da Feira de Mostras, esperemos que de novo un remocicado Xofre...– son unha experiencia dura pero impagable, segundo manifestan os propios concursantes. Figurar ademais na gravación anual é un alicerce adicional para os concursantes e unha garantía de transparencia para a organización e o xurado.

A edición deste ano contou cunha participación que dá motivos de reflexión esperanzada pola idade e a calidade dos asistentes. Respecto á idade, baste con dicir que o máis novo dos participantes conta con 17 anos e o maior deles con 28. Pero a idade, neste caso, non evidencia unicamente a presencia dun relevo xeracional que garanta a transición entre os excelentes gaiteiros e gaiteiras dos anos pasados; ademais hai que subliñar a elevada media de calidade entre os participantes. Probablemente en ningunha das convocatorias pasadas se deu un nivel colectivo de excelencia interpretativa como o que se puido constatar nesa tarde-noite de agosto.

Motivo adicional de satisfacción foi o advertir a notable equiparación entre os gaiteiros que acudiron ao "Bellón" pola convocatoria para instrumentistas do país e os catro que o fixeron pola convocatoria "Gaiteiro de Soutelo" para gaiteiros da diáspora galega. Como é sabido o concurso admite a un máximo de dez participantes seleccionados no primeiro caso (seis este ano) e catro no segundo; todos eles compiten en igualdade polo primeiro premio e dous accésits. Ata agora evidenciábanse diferencias nos niveis de ámbolos grupos, en detrimento dos gaiteiros e gaiteiras de fóra de Galicia, probablemente polas súa maior dificultade de atopar unha preparación axeitada. Pero quizá polos efectos positivos dunha certa globalización musical, estas diferencias semellan tender a desaparecer se cremos o visto neste concurso: escoitar a un galego-arxentino, a unha galega-suiza, a un galego-londinense ou a un galego-bilbaíno medirse a alto nivel cos seus colegas de Lugo, Santiago, Ferrol, A Coruña,... dá unha satisfacción e a seguridade de que cando sexa



de xustiza, alguén falando galego con acento ¿? recollerá algún dos tres premios do "Bellón".

A edición do 2002 rexistrou unha lixeira diminución de asistencia do público que, probablemente, se recupere con creces cando teña lugar de novo no Teatro Xofre. Esta eiva, a escaseza de auditorios axeitados en Ferrol, resta brillantez a actos escénicos como o que comentamos.

A concorrencia desta edición do "Bellón" e as obras interpretadas foron estas:

Participantes procedentes de Galicia

- Daniel Bellón García (Fene, A Coruña). *Alalá das mariñas* (Tradicional), *O paxaro e a charca* e *Muiñeira da dorna* (Pedro D. Lamas Varela)
- Pablo Dalama Piñeiro (Santiago de Compostela, A Coruña). *Menor* e *Lembranzas dunha infancia gaiteira* (ambas do gaiteiro).
- Pedro David Lamas Varela (Cecebre, A Coruña). *O burriño* (Pedro D. Lamas Varela); *Alalá* (Popular, do cancioneiro de Carlos Villalba Freire), *Xota* (recollida na Fonsagrada, arranxo do gaiteiro).
- Óscar Miranda Lodeiros (Arteixo, A Coruña). *Barlovento*, *Cuasimuiñeira* (do gaiteiro).
- Suso Pena Regueiro (Cospeito, Lugo). *Lareira*, Muiñeira; *Muiñeira de pino* (ambas do mesmo gaiteiro).
- Agustín Sánchez Iglesias (A Coruña). *Cantinela nº 293* (cancioneiro de Bal y Gay), *Farrapos de ghaitas* e *Fol furado* (ambas do mesmo gaiteiro).

Participantes procedentes do GAITEIRO DE SOUTELO

- Walter Andrés Almirón García (Bos Aires, Arxentina). *Esperanzinha* (Walter A. Almirón García); *Jota de Forcarei* (Tradicional).
- Daniel Lumbreras Rodríguez (Donosti, España) *Ten tino co coitelo* (Xesús Vaamonde Manteiga), *Bolato* (Daniel Lumbreras Rodríguez).
- David Rodríguez Anido (Londres, Reino Unido). *Orballa na illa* (José J. Presedo); *O preguiceiro* (Iván Costa Blanco).
- Magalí Tella (Lausanne, Suiza). *Valdi* (Cristina López), *Na ponte do Xirimbao* (Magoia Bodega).

A decisión do xurado foi a seguinte: Premio "Constantino Bellón" 2002 a Óscar Miranda Lodeiros e os dous accésits a Daniel Bellón García e Agustín Sánchez Iglesias. Das consideración feitas arriba pódese deducir que a decisión foi complicada; a excelencia técnica dos concursantes deste ano situou aos criterios decisivos non xa na afinación e na técnica senón, máis ben, na interpretación musicalidade conseguidas.

Pero o "Bellón" non é so o concurso, tamén se recoñece o labor de persoas e entidades a prol da gaita e a súa música coas "Gaita de Ouro" e "Gaita de Prata" respectivamente. Este ano foron concedidas ao artesán Xosé Bao e ao Orfeón Terra A Nosa.



















Bao, procedente dunha pequena aldea do Mesón do Bento, fabricou a súa primeira gaita con trencha, furándoa con mechas feitas co ferreiro local. Con ela, dotada dun punteiro en Re, tocou bailes na súa mocidade acompañado de clarinete, caixa e bombo, acadando xa unha sona como artesán. Aos 25 anos marchou a vivir e traballar á fábrica de armas da Coruña, o que significou a súa dedicación definitiva á fabricación de gaitas, coas que creou un son característico, potente e doce pola construcción do punteiro –favorecendo notas graves poderosas e notas agudas con voz– e do ronco, de son potente e compensado. Destaca tamén en Bao a súa colaboración con Roxelio de Leonardo Bouza e o seu proxecto de Septimino para gaita, para o que materializou gaitas en afinacións inéditas ate entón, coma o Sol grave. Foi unha ledicia contar coa figura austera e emblemática do señor Bao no desenvolvemento desta edición e unha honra para o Ateneo recoñecer a súa traxectoria exemplar.

Respecto ao Orfeón Terra A Nosa, non é ben coñecida a súa contribución ao panorama musical galego dos anos setenta. Promovido e impulsado polo desaparecido franciscano Padre Feijoo, autor de obras como unha das escasas Misas en galego; as numerosas actuacións e as gravacións que deixou na súa etapa –en dúas das que participou que isto escribe, xunto co prematuramente finado Carlos Cabrera– testemuñan unha paixón pola nosa música que o constituíu en referente duns anos do franquismo postremeiro no que a música tradicional agromaba tras décadas de seca.

O Padre Feijoo foi tamén xurado nas edicións do concurso de gaitas do país de Santiago, que entre 1968 e finais dos setenta contribuíron a alentar o encontro xeracional entre os grandes grupos tradicionais (Os Campaneiros, Os Rosales, Os Garceiras, Os Amigos e Os Montes de Lugo, ...) coa xente nova (Raparigos, Faíscas do Xiabre, Follas Novas, Xente Nova,...). Os que participamos daquela época sabemos do alento cargado de rigor co que Feijoo animou o facer de tantos gaiteiros; por iso esta Gaita de Prata que xa non lle chega con vida pode que lla dea na memoria dos que hoxe se benefician sen sabelo do facer de homes como el, do que o Terra A Nosa é unha afortunada testemuña.

Tampouco remata o "Bellón" con estas honras recoñecidas; mentres o xurado delibera unha actuación –musical claro está– axuda a relaxa-la tensión e este ano tívose a sorte de contar con Xavier Gómez, intérprete de excepción de arpa celta. As cordas de tripa da súa pequena arpa invadiron de íntimos sons o amplo auditorio do FIMO levando á audiencia a un camiño musical evocador que só se abandonou para escoita-la lectura da decisión do xurado.

E en adiante ¿que traerá o futuro ao devir do "Bellón"? Musicalmente ese futuro semella prometedor; o nivel interpretativo que se acadou suxire que as vindeiras edicións achegarán máis xornadas de boa gaita en Ferrol, en Galicia.

Organizativamente conviría reforzar se cabe o desenvolvemento do evento, co seu retorno ao Xofre e potenciando aspectos da presentación, especialmente os relativos á información aos espectadores das figuras dos concursantes, dos honrados coas "Gaitas" e a do propio concurso e a súa traxectoria incluíndo, como non, a de Constantino Bellón. Gañaríase así en facilidade de participación o que redunda no propio certame e no estímulo aos participantes.

Ás institucións que teñen apoiado o "Bellón" desde o principio (Xunta de Galicia, Deputación Provincial da Coruña, Concello de Ferrol, Galería Sargadelos,) cómpre agradecerlles a súa axuda e demandarlla para levar adiante esta realidade que, bebendo a auga da tradición, quere axudar a escribir o porvir. ✠



A PLANTA DE GAS. "UN SOÑO RESCATADO DOS ESPACIOS SIDERAIS"

Por Eliseo Zaera Rios

Soñei que, nalgún encontro reservado, altos executivos de TOJEIRO, REGANOSA, XUNTA DE GALICIA, ... etc. falaban da situación da PLANTA e nun momento dado un deles, o que semellaba máis distendido, sincero e convencido, fixo un alarde de sentido común e dixo, máis ou menos:

— "...*vou facervos unha proposición que espero consideremos en profundidade e coa máxima reserva. Despois de pensalo ben, a decisión que tomemos será defendida por todos para ben ou para mal. Parto da base (que non saia de aquí) de que fomos sorprendidos, collidos coas mans na masa, como soe dicirse, que os condicionantes para seguir co proxecto en Promontoiro superan as nosas previsións.*

Os demais mirábanse uns para outros con rostros de asombro, e entón un dixo: "*...pero home,... ¿a onde queres chegar? ...*", el continuou a súa exposición relaxada:

— *As dificultades van ir en aumento. As físicas pola configuración da ría e polas proximidades poboacional e estratéxica da Defensa. Condicióñasenos o permiso de construcción a unha Declaración de Impacto Ambiental e ó cumprimento da Normativa Europea, SEVESO II. Sei que altas instancias da OTAN, a UE e mailo PENTÁGONO de EE.UU. teñen informes completos do tema, baixo a perspectiva de hipotéticos golpes terroristas con flota dentro da Ría a escasos 1000 mts. da PLANTA ou de gaseiros en manobra, ... etc., a cuestión é moi gorda. Por iso a miña proposta é: ¿ Por qué non damos un xiro audaz, intelixente e espectacular co que gañaremos moitos puntos e apoios en tódalas instancias e quizáis tamén cartos, antes de que fracasemos no noso intento ou aparezcan outros promotores que aproveiten a ocasión? ...*

— *Pero remata ho, ... ¿qué queres propoñer?* —dixo outro.

— *Propoño que aproveitemos a alternativa do Porto Exterior de Canelas, con chan cualificado para unha Planta de Gas. Con Avaliación de Impacto Ambiental feito, con posibilidades de captar importantes fondos destinados, no seu día, para este Proxecto.*

Fixádevos:

- 13 xuño pasado: O Tribunal de Xustiza de LUXEMBURGO (UE) en sentencia pública condena a ESPAÑA por non ter feito o desenvolvemento axeitado de Directiva 85/337/CEE/1985. Esto afecta de cheo á Avaliación de Impacto Ambiental da Planta de Gas en Promontoiro, que é necesario facer.

- A resolución de autorización previa da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do 24-07-02, faculta para seguir desenvolvendo a especificación do Proxecto pero establece como imprescindibles para autorizar a CONSTRUCCIÓN da PLANTA os seguintes requisitos:

· Avaliación de Impacto Ambiental
· Estudios de riscos de accidentes graves
· Informe sobre o cumprimento da Directiva Europea Seveso II

- O comité Cidadán de Emerxencia, aínda que son poucos, son moi activos e están chegando cos seus informes a instancias moi sensibles cos temas de terrorismo internacional cos que desgraciadamente hai que contar hoxe.

Os recursos que o dito Comité ten formulados diante da Autoridade Portuaria, do Ministerio de Economía, do TSXG, do Concello de Mugardos, teñen a súa repercusión e cando menos paralizan e poden retrasar o Proxecto, o que fai aumentar as dificultades e estende o coñecemento dos problemas xerais que existen nese lugar. En Canelas desaparecen todos estes problemas. A balanza está moi claramente a favor de CANELAS. ¡É o momento!, ¡non o deixemos escapar!"

Despertei ...¿ haberá nesas alturas alguén con ese peso, carácter e sentido común ...? e se o hai ¿conseguirá que o escoiten e que entren en razón, adoptando esa doada solución?

¡TEÑO ESPERANZAS!.

Estou convencido de que este soño será unha confortable realidade non máis alá dun par de anos.

«Estou convencido de que este soño será unha confortable realidade non máis alá dun par de anos».



CURSOS

APERTURA DE MATRÍCULA PARA OS SEGUINTES CURSOS:

✗✍ DEBUXO E PINTURA:

Imparte: María Manuela

Tódolos luns e martes .... de 5,30 a 19,30 horas.

PREZO { Socios/as – 40 €/ mes.
Non Socios/as – 60 €/mes.

[Comezo o martes día 1 de outubro]

✗✍ TALLER DE TERAPIA CORPORAL:

Directora: Esmérita Ramírez (Lic. en Artes Escénicas, Cuba)

Observación:
Este taller intenta ensinar e practicar técnicas que abordan unha serie de exercicios co obxectivo fundamental do benestar, non só físico, senón tamén psíquico, do individuo.

CONTIDO:
- Reeducación postural preventiva.
- Stretching ou estiramento.
- Actividades circulatorias
- Exercicios físicos ante situacións especiais (escoliose, lordose lumbar ...)
- Automasaxes
- Relaxación voluntaria
- ... entre outros ...

Especialmente recomendado para persoas da 3ª idade, mais non excluído para rapaces, a partir dos 15 anos.

Duración: 16 horas

Días: A CONVIR.

Horario: .... de 11 a 13 horas.

PREZO { Socios/as – 36,06 €
Non Socios/as – 54 €

(Inclúe Matrícula e Taller)

[Comezo: outubro-novembro]

PRESENTACIÓN

DÍA 4 DE OUTUBRO
ÁS 20 H.
Presentación do Libro de Poemas:

"O SANGUE DOS ÁRABES"

do que é autor LINO BRAXE.

A presentación correrá a cargo do autor, Lino Braxe, e haberá unha actuación musical e recital poético a cargo de actores.

O grupo musical que intervirá será:
- *RÓMULO SANJURJO – Acordeón*
- *MIGUEL LADRÓN DE GUEVARA – Guitarra española.*

EXPOSICIÓNS

18 ó 29 de outubro

Exposición ÓLEOS de TERE FERNÁNDEZ

15 ó 26 de novembro

Exposición de DEBUXOS – HUMOR de Mª XOSÉ MOSQUERA BECEIRO (SEX).

EXPOSICIÓN ANTOLÓXICA – HOMENAXE A RICARDO PENA

Mes de decembro no Centro Cultural Torrente Ballester.
Inauguración 5 de decembro.

3 ó 14 de decembro

Exposición de PINTURA: "PRAIAS DA MEMORIA" de ALFREDO ERIAS.

20 de decembro ó 2 de xaneiro

Exposición PINTURA de MARÍA PEREIRA.



TEATRO

CONVOCATORIA DO CERTAME "ATENEA" DE TEATRO INFANTIL E XUVENIL PARA O ANO 2003.

As BASES aparecen na páxina 39 desta Revista Atenea 10

CADERNOS DO ATENEO FERROLÁN

Día 23 de outubro ás 20,30 horas

Presentación do CADERNO nº XVI, ano 2002 sobre "A RÍA DE FERROL"



XORNADAS DE VÍDEO

Día 26 de decembro:

- "El fruto del tedio" – "Aquí no hay playa" – de RUBÉN COCA
- "Inútil" – de PACO RAÑAL.
- Proxección dos Vídeos do Premio GOYA.
- Mesa Redonda



CLUB DE LECTURA

Tódolos primeiros XOVES DE CADA MES.

Encontros coa LECTURA baixo a coordinación de ÁNXELES SEOANE.

Preténdese a xuntanza de 15-20 socios/as que se reúnan tódolos primeiros xoves de cada mes para reflexionar e comentar un libro.

[Comeza o xoves día 3 de outubro ás 19,30 horas no Ateneo]
¡PÓDESTE ANOTAR!

DEBATES

Outubro
"A MOVIDA NOCTURNA"

Novembro
"AS PROBLEMÁTICAS DA SOCIEDADE ACTUAL"

Por determinar
"AS COMUNICACIÓNS EN FERROLTERRA"

LIBROS

Presentación do Libro

"UN NIÑO NO PIÑEIRAL"
de MERCEDES ZAERA.

XORNADAS DE GAITA

Días 27 e 28 de Decembro

CADERNO 2002 DO ATENEO FERROLÁN OBXECTO: A RÍA DE FERROL DENOMINACIÓN: "A PERLA ÁRTABRA"

A ría de Ferrol será o tema do próximo Caderno do Ateneo,que teremos a sorte de poder presentar dentro das actividades a realizar neste útimo trimestre do ano 2002. Ó longo dunhas cen páxinas un grupo de persoas comprometidas co seu tempo e a súa cidade dan unha ampla visión sobre a historia da ría, a súa actualidade e futuro, non moi alentador, logo de ler a análise e conclusións das que nos falan estes técnicos.

Para todos eles, vaia por diante ese agradècemento e homenaxe que terán na presentación do Caderno, como "ateneístas" e ferroláns, todos eles, que souberon demostrar coa súa adicación altruísta e desinteresada, só economicamente, xa que están moi interesados en salva-la nosa ría e veñen demostrándoo a cotío coa súa aportación nas súas diferentes profesións e actividades a prol do desenvolvemento da nosa comunidade.


Así, *"A RÍA DE FERROL, A PERLA ÁRTABRA"*, recolle unha serie de aspectos analizados por Augusto Pérez Alberti, Xosé Graña Carrodeguas, Andrés Lamas Seco, Bernardo Máiz Vázquez, Xoán Rodríguez Silvar, Francisco Javier Cristobo Rodríguez, Victoriano Urgorri Carrasco e Juan Antonio Rodríguez-Villasante Prieto, biólogos, profesores, investigadores, xeógrafos, historiadores e científicos que fornecen unha variada e ilustrada visión da PERLA ÁRTABRA, e sen dúbida abrirá moitos ollos e moitas inquedanzas sobre esa realidade permanentemente viva: a nosa RÍA, que a partir de aquí valoraremos un pouco máis, como se merece.

Aspectos físico-químicos e medioambientais sobre a situación actual; as interaccións efectuadas na ría e as transformacións derivadas destas, motivadas polas actuacións industriais e sociais; as diferentes alternativas de uso industrial, pesqueiro-marisqueiro ou de recreo e comunicación e conflictos que carrean; a biodiversidade e as claves da súa permanencia pese ós riscos que teñen as diferentes actuacións ou as construccións levadas a cabo na ría de Ferrol ó longo de máis de dous séculos, dende os tempos da Ilustración, pasando pola época das grandes construccións dos setenta ata o día de hoxe son degrañados dun xeito crítico e ameno que nos deixará unha idea moito máis clara e, ó remate da súa lectura, fará en nós que coñezamos e valoremos o que témola sorte de posuír como ferroláns: ***A NOSA RÍA***

O Comité de Redacción de "Cadernos do Ateneo Ferrolán" quere dar un agradecemento especial pola aportación gráfica para este CADERNO XVI: Ría de Ferrol. Perla Ártabra, a LUGRÍS, con abundante material e que ten o seu estudio na rúa Real 191 de Ferrol, a Jesús Caínzos López, experto fotógrafo aéreo con correo electrónico: servicios.cainzos@hotmail.com, pero máis fácil de localizar no 608.983.195; a Juan de la Fuente, que nos botou unha man cubrindo os buratos brancos; a Xoán Braxe polo seu gravado; ao *Instituto Geográfico Nacional* (e por extensión ao *Centro Nacional de Información Geográfica*) e, como non, aos propios autores, que ademais de face-lo texto tamén tiveron a xentileza de facilitar estupendas ilustracións. ⌘

ATENEO FERROLÁN

«...ó remate da súa lectura, fará que coñezamos e valoremos o que témo-la sorte de posuír como ferroláns: *A NOSA RÍA*»





CASTELO DE SAN FELIPE NA RÍA DE FERROL

Por José López Hermida

«As obras do castelo de San Felipe iníciase en setembro de 1589. Dende entón, Ferrol pasa a ser fondeadoiro e punto de invernada da flota do Atlántico»

INTRODUCCIÓN

Durante o século XVI Galicia estaba escasamente fortificada tanto na costa como no seu interior, ata que Felipe II herda do seu avó paterno o reino de Portugal e Inglaterra comezou a deixar de ser aliada de España para converterse en ameaza. Dende entón, Felipe II reforza a súa política atlántica, trasladando as súas naves do Mediterráneo ó Atlántico e impulsa os proxectos militares que xa tiña previstos en Galicia.

Un dos puntos máis sensibles de Galicia era A Coruña, que xa contaba con defensas costeiras, aínda que non suficientes, tal e como se comprobou nas desagradables experiencias que deixou o ataque realizado por Drake a esta cidade, que puxeron de manifesto as dificultades de defensa que tiña o seu porto.

O Rei mira tamén cara a Ferrol e manda a Tiburcio Spanochi a recoñece-la praza da Coruña e as rías de Betanzos e Ferrol. O estudio pon de manifesto as excepcionais condicións da ría de Ferrol, lugar extraordinariamente resgardado e fácilmente defendible cos limitados medios da época, lugar ideal para fondeadoiro das armadas que dende España partían cara a Flandes e Inglaterra. A resultas deste estudio os plas da Monarquía pasan a ter por centro a ría de Ferrol. A súa defensa articularase construíndo na súa parte máis angosta os tres castelos de San Felipe, a Nosa Señora da Palma e San Martín de Padilla, que forman un triángulo isósceles. Entre os castelos de San Felipe e San Martín tenderase unha cadea que peche a entrada á ría.

As obras do castelo de San Felipe iníciase en setembro de 1589, dirixidas polo alférez-enxeñeiro Pedro Rodríguez Muñiz, e en 1590 xa está concluído. En realidade San Felipe máis que un castelo é unha simple batería formada polo asentamento de seis canóns e uns reducidos aloxamentos para o persoal, impedimenta e material de guerra.

Dende entón, Ferrol pasa a ser fondeadoiro e punto de invernada da flota do Atlántico, e de aquí sairán na década de 1590 varias expedicións con destino a Inglaterra.

O 18 de xullo de 1629 reúnense as Xuntas do Reino de Galicia e acordan pedir ó Monarca a fortificación das illas de Baiona, polo dano que alí fan holandeses e ingleses, para o que piden ó Rei que reforme a guarnición do porto de Ferrol, quitando de alí o necesario para aforrar gastos á súa facenda. Dez anos despois os franceses, ó mando do arcebispo de Burdeos, fracasan nos seus ataques á Coruña e despois a Ferrol.

O CASTELO ACTUAL

En 1726, Ferrol é declarado capital do Departamento Marítimo do Norte, e a importancia estratéxica da nova base require unha defensa máis operativa da súa costa, polo que se encarga ó enxeñeiro-director Francisco Montagú, un plan de fortificación para toda a ría.


A reforma que sofre o castelo de San Felipe aumenta a súa superficie para gañar tres liñas de defensa orientadas ó mar e outras tantas a terra, conservando a maior parte do castelo antigo. No ano 1739 comeza unha ampliación baixo a dirección do enxeñeiro-xefe Juan de la Ferriere, e ademais das obras do castelo, que o capacitan para asentar cento corenta canóns, constrúense varias baterías a ámbolas marxes do canal, sacando as defensas cara ó mar aberto.

A continuación relatámo-los resultados da reforma efectuada no castelo nesta época, que dará lugar á súa planta actual, cunha superficie de 21.400 metros cadrados:

Na primeira liña, que ocupa todo a fronte do mar, sitúanse cinco baterías, sendo unha a *barbeta* e catro a merlóns, con catro travesas sinxelas e unha galería seteira na súa parte superior para fusilería, cos servicios de polvoreira, dous almacéns e corpo de garda.

Unha segunda liña fórmana a batería do castelo antigo a merlóns e outra a *barbeta*, comunicada coa primeira liña por dúas escaleiras de caracol situadas nos seus extremos. Esta batería cóbrese dos fogos que a dominan de enfilada procedentes de terra, por catro travesas sinxelas e a batería situada encima da capoeira 8.

A terceira liña fórmana duas baterías a merlóns, situadas nas alas dun *hornabeque* a cola de milano, coa súa fronte semiabaluartada, *revellín*, foso e camiño cuberto orientado á fronte de terra , unha das baterías apunta á entrada da




ría e a outra á súa parte interior, seguindo o sistema abaluartado de Vauban. Ó *hornabeque*, accédese por unha porta practicada no seu flanco dereito, cunha ponte levadiza e corpo de garda para tropa e oficial, e no seu interior encóntrase unha praza de armas, cun alxibe no seu centro a proba de bomba, rodeada dun pavillón para oficiais con dúas escaleiras laterais que conducen ás baterías, almacéns e primeira planta do pavillón, casa do Gobernador cun pórtico para forma-la garda en días de chuvia e oír misa a tropa, varios aloxamentos para a tropa e un almacén de pólvora.

A fronte de terra componse de tres liñas defensivas: a primeira fórmana a fronte semiabaluartado do *hornabeque*; a segunda fórmana as dúas baterías das prazas fortes que dan paso a dúas galerías seteiras que sustentan as terras do *glasis*, máis a batería situada encima da porta de mar; a terceira fórmana a batería que defende a citada porta de mar.

En 1750 a esta reforma só lle faltaba por rematar a parte superior da porta de mar e a súa ponte levadiza, e sobre todo o conxunto do *hornabeque*, que era o máis atrasado, faltándolle a parte superior dos aloxamentos para tropa da dereita, encontrándose o conxunto dos dous semibaluartes e a cortina, coas súas paredes á altura do arranque das bóvedas, o pavillón de oficiais sen remata-las súas paredes, e o pórtico sen construír, así como a cisterna e a porta do *hornabeque*. En 1756 aínda se seguía traballando en pequenos retoques de cantería, como esplanadas, etc. Despois do intento de asalto dos ingleses no 1800, tras desembarcar na praia de Doniños, acométense pequenas reformas e reparos, sendo o máis digno de mención a construcción na primeira liña, xunto ó corpo de garda e a fontiña, dun forno de reverbero para bala vermella.

Na década de 1820 a artillería encontrábase estancada, e España repoñíase da Guerra da Independencia co mesmo material que tiña no século anterior. O escaso número de pezas con que se artillaba naquela época, unido ó atraso tecnolóxico daba preponderancia ós buques so-



1- *Hornabeque* con cañoneiras e praza de armas
2- Castelo antigo fortificado
3- *Rebellín*
4- Galerías seteiras que sosteñen as terras do *glasis*
5- Camiño cuberto
6- Foso e camiño de entrada ás baterías acasamatadas
7- Paso ó camiño cuberto 10 da *coponera* 8
8- *Coponera*
9- Foso da *coponera* 8
10- Camiño cuberto da *coponera* 8
11- Batería nº 5 da 1ª liña
12- *Espaldón* asasamantado (través)
13- Batería nº1 na primeira liña, con merlóns, través e casamatas
14- Batería nº2 da 1ª liña acasamantada
15- Batería nº3 de 1ª liña con merlóns e *espaldón*
16- Batería nº4 da primeira liña a barbeta con marcos altos
17- Batería nº1 da 5ª liña
18- *Coponera*
19- Foso da *coponera* 18
20- Camiño cuberto da *coponera* 18
21- Paso da *coponera* 18 ó foso e camiño 6
22- Paso do camiño cuberto 20 ó foso e camiño 6
23- Rampla que conduce ó peirao de desembarco
24- Porta de terra

1'- Baterías dos flancos baixos do *hornabeque* (3ª liña)
2'- Batería encima da *coponera* 8
3'- Batería nº1 da 2ª liña a barbeta para marcos altos e canóns para marcos baixos
4'- Casamata
5'- Batería nº3 da 4ª liña

a'- Flanco esquerdo alto do *hornaboque* (1ª meseta)
b'- Flanco esquerdo alto do *hornabeque* (2ª meseta)
c'- Cara do semibaluarte da esquerda do *hornabeque*
d'- Flanco do semibaluarte da esquerda do *hornabeque*
e'- Cortina da fronte semiabaluartado do *hornabeque*
f'- Flanco do semibaluarte da dereita do *hornabeque*
g'- Cara do semibaluarte da dereita do *hornabeque*
h'- Flanco dereito alto do *hornabeque*



> Para destruí-las embarcacións usábanse balas macizas, pero o seu efecto era de pouca consideración, pois cando se producía o impacto taponábase con tarugos de madeira.

bre as baterías. Para destruí-las embarcacións usábanse balas macizas, pero o seu efecto era de pouca consideración, pois cando se producía o impacto taponábase con tarugos de madeira, sen grandes problemas, de forma que podían impactar millares de balas sobre un barco sen afundilo. É nesta época cando os franceses empezan a desenvolve-los canóns bombeiros, tipos de obús que serven para disparar granadas ocas cargadas de pólvora que explosionan dentro do buque ó perfora-lo seu casco, sistema que nos anos corenta xa adoptaran os países máis desenvolvidos de Europa.

Na década de 1850 os avances tecnolóxicos en armamento artilleiro son moi importantes: as pezas de artillería adoptan a ánima raiada e a retrocarga; desenvólvense as *cureñas* e marcos, permitindo estes últimos o cambio de dirección da peza con máis comodidade e rapidez, gracias ós rodillos en contacto coa cantería ou carrís e xiro central sobre o portón *pinzote*, situado na cantería da súa esplanada, que reduce a amplitude do xiro e non debilita o paramento frontal. Os avances mencionados producen un maior alcance, precisión e cadencia de tiro, así como un mellor servicio ás pezas, ó que se une o nacemento do proxectil prolongado, de maior poder de penetración a grandes distancias. Imponse tamén a teoría do enxeñeiro Montalamber consistente en servir estas pezas en casamatas, co obxecto de defender tanto o material como os seus serventes do fogo dos buques. Todos estes cambios suporán que os buques perdan a súa preponderancia sobre as baterías.


A guerra de Crimea (1854-56) librada por Francia, Turquía e Inglaterra contra Rusia, é o gran ensaio dos novos armamentos. Os combates entre a escuadra aliada e os fortes do porto de Sebastopol, son a demostración práctica e clara da imposibilidade dos buques para loitar contra as baterías acasamatadas. Tras logo de xeralizarse os proxectos de Paixhans para o armamento das baterías de costa con canóns bombeiros, e os de Montalembert para servi-las ditas pezas en casamatas, os buques perderon enteiramente a súa preponderancia.


Na loita por recupera-la preponderancia dos buques fronte a estes adiantos da Artillería de Costa, toman a dianteira os franceses, coa fragata acoirazada Gloire, o primeiro buque acoirazado da historia botado en 1859. Era unha fragata de hélice con casco de madeira pero que levaba os seus costados protexidos por unha coiraza en toda a súa lonxitude, de proa a popa, en toda a obra morta e algúns centímetros por debaixo da liña de flotación, deixando a parte superior da borda sen acoirazar. A coiraza deste barco estaba formada por pranchas metálicas de 2,50 metros de lonxitude por 0,80 de ancho e unha espesura de 0,12, que se aseguraban con porlóns ó casco de madeira. Os ingleses ó pouco tempo construíron a fragata acoirazada Warrior, de características similares.

Coa aparición do acoirazado nace a loita do canón contra a coiraza dos barcos de guerra, que tantos anos manterá ós enxeñeiros navais e artilleiros en busca do sistema máis efectivo e perfecto, rápidamente convertido en inútil polos novos avances. Nesta loita os canóns acabarán alcanzando dimensións xigantescas.

A REFORMA DO ANO 1859

Os vertixinosos cambios armamentísticos de mediados do século XIX deixaron moi antiquado





o castelo de San Felipe, debendo afrontar unha reforma que lle permitira adopta-los novos materiais. En 1859, acométense as obras, inspiradas nas ideas xa expostas do enxeñeiro militar francés Montalember. Proxéctase modificar na primeira batería da primeira liña, o corpo de garda, polvoreira e un almacén de *pertrechos* para a artillería, todo isto en casamatas, convertendo as súas portas e ventás en canóns, ó mesmo tempo que se desmontaban os parapetos e unha das garitas desta batería.

En 1860, o crédito extraordinario de 1.655.900 escudos obtidos das Cortes, polo goberno do Duque de Tetuán, permitíu seguilas obras e organiza-la terceira "compañía de obreiros" para a fortificación de Ferrol, que traballaría neste castelo e a remodelación da muralla da praza. Constrúese arrimada a estas casamatas outra de dous pisos, con capacidade para catro canóns, refórmase a primeira batería da segunda liña a barbeta, constrúese o camiño que vai dende a ponte levadiza da entrada de mar ata as casamatas, un corredor elevado de cantería que o cruza para poder establece-lo paso que sae da praza de armas do *hornabeque* cara ás banquetas e, por último, constrúense cinco casamatas de nova planta na citada primeira batería da primeira liña. As obras remátanse no ano 1862, e hoxe en día estas reformas pódense ver con tódolos seus detalles, en perfecto estado de conservación.

Tralas reunións realizadas pola Comisión Mixta de Artillería e Enxeiros para o artillado do castelo, a finais do ano 1861 este contaba con trinta e tres pezas e aprobada a dotación de noventa e dúas máis, as primeiras estaban asentadas na primeira liña, sendo once pezas en casamatas: sete obuses de ferro lisos 21 cm.e catro canóns de ferro raiados 16 cm.; segunda liña a barbeta e a merlóns catorce pezas: oito obuses de ferro lisos 21 cm., catro canóns de ferro raiados 16 cm. e dous morteiros de 32 cm., a terceira liña, en canoneiras, oito pezas: cinco canóns de bronce lisos 15cm e tres canóns raiados 8 cm.



Unha vez rematadas as obras de reforma, no ano 1862 comézase o artillado aprobado o ano anterior, este dura varios anos e require pequenas reformas nas esplanadas e canoneiras onde se van asenta-las novas pezas. Para poder baixa-los canóns Barrios de 28 cm. á batería número catro da primeira liña, acondiciónase o camiño de servicio que comunica a avenida da entrada principal coa dita batería, pasando ó costado do castelo antigo, do que teñen que derribar parte do seu muro defensivo, parte que se pode ver de nova planta na actualidade.

Como consecuencia da revolución republicana ocorrida no arsenal no ano 1872, auméntase a defensa, para poñe-la súa parte de terra ó abrigo dun golpe de man, cunha serie de muros que incomunicaban a praza de armas do exterior.

Debido á evolución do armamento e as tácticas da época, en 1884 encóntranse fóra de servicio tódalas defensas da ría, salvo os castelos de San Felipe e La Palma, estando este último aínda en construcción. Este feito reforza a súa importancia defensiva e, de estar artillado con cincuenta e cinco canóns pasa a ter oitenta e oito. Pese a estes adiantos que o potencian, co tempo acabará quedando obsoleto para a súa misión principal. As novas tendencias miran cara ós grandes alcances e precisións, para iso é necesario saca-la artillería fóra da ría, o que conduce á decadencia de San Felipe como posición defensiva.

En 1903 a ponte levadiza da porta principal ou de mar encontrábase inutilizada, polo que se procede á formación dun proxecto para a súa reforma, trasformándoo en fixo e construíndo un angazo de madeira para resolve-lo paso do foso e peche do arco de entrada, que antes desempeñaba a ponte ó levantarse. A solución máis económica e a que se aproba, é executar un terraplén de recheo cun muro de cachotería para a contención da terra, utilizando as pedras das travesas, que existen nas baterías a barbeta da segunda liña, obras que se inician nese mesmo ano. Tres anos máis tarde, declárase inútil o artillado do castelo e desartéllase no 1909.

A última misión defensiva que se lle asigna, é a de protexe-la entrada por mar á Base Naval dos ataques realizados por embarcacións menores, para o que se montan catro canóns García Lomas de dez centímetros nas casamatas da primeira liña, para logo pasar a ser prisión militar como último destino militar que tivo asignado, función que xa desempeñara esporádicamente ó longo da historia en épocas de crise.

Na actualidade, o castelo está en parte restaurado e aberto ó público que o desexe visitar por un módico prezo, e nel celébranse certos actos culturais como concertos, teatro e a recreación histórica do intento de asalto polos ingleses o 26 de agosto de 1800. É propiedade municipal, que por compra o recibíu o día 31 de decembro de 2000.

«...o artillado do castelo, a finais do ano 1861 ... contaba con trinta e tres pezas e aprobada a dotación de noventa e dúas máis...»



A MEMORIA DO PATRIMONIO INDUSTRIAL. "A FÁBRICA DE LAPIS HISPANIA"

Por Juan J. Burgoa

O Patrimonio Cultural, como herdanza das xeracións precedentes, constitúe unha riqueza colectiva que é obrigado conservar, xa que forma parte da nosa memoria histórica sendo un sinal da identidade dun pobo. O respecto, coñecemento e conservación do devandito legado patrimonial define a actitude dunha comunidade e mide o grao do desenvolvemento cultural dos seus cidadáns.


Dentro deste Patrimonio, concibido hoxe como un conxunto cada vez máis amplo e complexo que integra tódolos bens e manifestacións culturais do home no seu contorno, inclúense as obras de interese que reflicten e son testemuña da historia, o traballo, a economía e a vida dos habitantes dun territorio, ademais de formar parte dos valores paisaxísticos do contorno, como é o caso particular das construccións pertencentes ó chamado Patrimonio Industrial.

No ámbito da Comunidade Galega, cunhas especiais características de ordenación do territorio, cun asentamento humano moi espallado, unha histórica tradición artesanal e unha actividade industrial derivada da producción agraria, gandeira e pesqueira, orixínase a presencia dun abundoso Patrimonio Industrial. Moitas construccións do mesmo mostran unhas características que se mesturan coas do Patrimonio Etnográfico, como é o caso dos numerosos muíños, batáns, tenerías, ferrerías, fornos cerámicos, carpinterías de ribeira, fábricas conserveiras e de salgadura, que foron correntes no pasado, especialmente no mundo rural e mariñeiro.

«Dentro do Patrimonio Cultural, inclúense as obras de interese que reflicten e son testemuña da historia, o traballo, a economía e a vida dos habitantes dun territorio...»

Un bo número destas industrias derívanse da época histórica da Ilustración, que foi cando se iniciou unha incipente industrialización de Galicia que deu orixe a pequenos establecementos fabrís e transformadores dos productos da agricultura e da pesca, nun proceso que continuaría de xeito máis intenso durante os séculos posteriores.


Dalgunha maneira Ferrol, e máis concretamente a súa ría, dependeu economicamente de forma práctica dende o século XVIII da industria naval, orixinando un notable Patrimonio Industrial, orientado nunha parte importante ás artes e ás técnicas da Construcción Naval, e for-



mado especialmente polos importantes estaleiros que hoxe se asentan no propio Ferrol (herdeiros dos que mandou construír a Coroa no século XVIII) e en Fene, sen esquecer as achegas históricas neste senso das vilas de Neda e A Graña. Este Patrimonio Naval constitúe a testemuña e a memoria de toda unha cultura do traballo de varias xeracións de Ferrol e a súa ría, sendo obligada a súa difusión e custodia para o futuro. É de esperar que nesa líña o futuro Museo da Construcción Naval veña a ser esa referencia patrimonial.

Pero tamén na bisbarra de Ferrol se xerou unha industria, en ocasións auxiliar da construcción naval e outras independente dela, deixando unha pegada material como as fábricas de lonas e xarcias do Arsenal, a fábrica de prancha de cobre de Xuvia, as abundantes tenerías erixidas entre O Seixo e Ferrol (recentemente pescudadas por Justino Fernández) e as fábricas de tecidos, papel e fariña, levantadas durante os séculos XVIII e XIX tanto no propio Ferrol como en asentamentos da bisbarra.


No que respecta a Ferrol, xa entrado o século XX, desenvolveuse unha industria local, non sempre polarizada arredor da industria naval, como é o caso da Peninsular Maderera, a PYSBE, a FENYA e outras instalacións fabrís e de transformación, que deron traballo a moitas familias



e que permanecen na memoria histórica dos ferroláns. Unha destas instalacións foi a fábrica Hispania, tamén coñecida polo seu nome de Fábrica de Lapis.

A fábrica Hispania foi fundada o ano 1934 como consecuencia da formación dunha Sociedade Limitada integrada por Alberto Fernández, como socio maioritario e director

Fábrica de Lapices «Hispania» arredor do ano 1940 (esquerda) e aspecto actual (abaixo).



xerente, Benito Alvariño, Antonio Veiga e Bernardo de Andrés, sendo a súa primeira instalación dentro do peirao Concepción Arenal, onde ocupaba unha extensión de 900 metros cadrados cunha producción inicial de 36.000 lapis ó día.

Nos primeiros anos da década dos 40 do pasado século, Hispania trasladouse á rúa Baterías, onde se edificou un amplo edificio con formas xeometrizantes e trazos do Art Déco dentro da súa simplicidade decorativa, proxectado polo entón arquitecto municipal Nemesio López Rodríguez, ocupando unha superficie de 5000 metros cadrados e chegando a dar traballo a máis de 400 empregados nas súas instalacións. Cunha marca rexistrada baseada nun curioso e familiar logotipo de dúas figuras humanas coas mans entrelazadas, acreditou especialmente os lapis da marca Johan Sindel, de xusta celebridade pola calidade da súa madeira de cedro americano e a súa mina de grafito, chegando a unha producción de ata 180.000 unidades ó día. O nome rexistrado do lapis, o devandito Johan Sindel, era precisamente o nome do técnico alemán que dirixía as instalacións onde a maquinaria empregada tamén era da procedencia daquel país.

A fábrica Hispania, que desenvolveu un importante papel productivo en difíciles tempos de autarquía productiva que trouxo consigo moitos atrancos na obtención e importación das necesarias materias primas, continuou funcionando coa producción non só de lapis, o seu producto máis acreditado, senón tamén pluimiñas de aceiro e peites de caucho, amais doutros artigos de interese como foron as harmónicas musicais, pechando de xeito definitivo as súas portas mediada xa a década dos anos 80.

Na actualidade, o edificio que albergou a Fábrica de Lapis atópase nun claro estado de abandono, pendente de que se constrúa un grupo de vivendas no soar que ocupa. Segundo informacións obtidas na Xerencia de Urbanismo, dentro do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) e, pese a non ser un edificio protexido, está prevista a conservación da elegante e representativa fachada Leste que da á rúa Espartero cunha fronte duns 22 metros e un fondo de aproximadamente 10 metros, conservando así o que no seu día foi zona administrativa e de oficinas. No resto da rúa Baterías prevese a edificación dun conxunto de vivendas de tres alturas.

A parte posterior, que da á rúa do Baluarte, prevé un espacio axardinado que por medio dunhas escalinatas conectaríase ós xardíns laterais da rúa Alonso López. É unha mágoa que os nosos rexedores non previran a conservación, trala necesaria restauración, da lanzal e monumental cheminea, símbolo visible das súas instalacións fabrís e testemuña importante da paisaxe ferrolá, cunha placa que recordase á Fábrica Hispania e ós seus traballadores, dun xeito similar a como o fixeron outros municipios industriais de España, caso de Alcoy o Langreo, ou concellos galegos como A Pontenova e Oleiros.

De acordo coá protección prevista no artigo 66 da Lei do Patrimonio Cultural de Galicia, referente a bens inmobles de carácter industrial que constitúen restos físicos do noso pasado tecnolóxico, productivo e industrial, e sendo este 2002 o Ano Europeo do Patrimonio Industrial e Técnico, que pretende a preservación deste patrimonio outorgándolle o lugar que lle corresponde pola súa importancia histórico-científica, a súa incidencia na conservación da memoria cidadá e na promoción dun turismo cultural sostible, sería unha boa oportunidade para que os poderes públicos deixen a súa política de abandono e desleixo do noso Patrimonio Cultural e, neste e noutros casos, se poñan á tarefa da súa conservación. ⌘


«...sendo este 2002 o Ano Europeo do Patrimonio Industrial e Técnico,... sería unha boa oportunidade para que os poderes públicos... se poñan á tarefa da súa conservación».



SANTOS, BARCOS DE PEDRA E LARES VIALES

Por Andrés Pena Graña

Sen discutir agora o feito de que os Celtas da Área Cultural Atlántica (1), *koiné* cultural lentamente conformada dende o Neolítico por "acumulación" e por mutuo contacto, dividían o ano non partindo dos solsticios senón collendo como puntos iniciais o primeiro de maio, comenzo do verán, e o primeiro de novembro, comenzo do inverno, resulta con todo claro que a coincidencia co solsticio do verán das célebres fogueiras de San Xoán, aínda alumeadas hoxe polos pobos europeos na cuarta parte do Globo, implica, como xa o pensaba Frazer, que os fundadores desas tradicionais festas regulamentaban o seu calendario guiándose polo sol.



Mapa das principais áreas culturais europeas segundo Patrice Brun (1955). A esquerda, Área Cultural Atlántica.

Máila tintura cristiá deste día de San Xoán, a mitoloxía comparada establece que a celebración data de remotos tempos, quzais cando os primeiros pobos atlánticos europeos sedentarios, os nosos devanceiros, vivían pendentes das principais lumieiras celestes, a Lúa pola que se rexía tanto o paso dos meses como o das semanas, e o Sol polo que se marcaban as estacións do ano.

Dun modo similar ao que sucedía no resto dos pobos indoeuropeos, os celtas, os científicos, os astrónomos, os matemáticos, os poetas e os homes sabios, eran membros do clero, quizais por precisarse na ciencia moito tempo libre para pensar.


Coa aparición do petroglifo de Laxe das Rodas estudiado por Fernando Alonso Romero, que poidera conter un calendario solar e lunar, o rexistro arqueolóxico amosaría a posible existencia en Galicia dun clero especializado no cálculo astronómico de amplo alcance, feito confirmado acaso polo achado dun novo petroglifo, recentemente descuberto en Outeiro de Xoviño, no que parece figurar outro destes calendarios astronómicos. Se así fora, este último petroglifo viría a testemuñar a ansia coa que os nosos ancestros seguían o curso do ceo, amosándose así a súa astucia para calcular os anos "bisiestos" e os meses intercalares que permitirían facer cadrar o cómputo lunar co cómputo solar. Sen necesidade de instalacións en altura demandadas polas terras chás carentes de referencias no horizonte, o «sky line» da orografía galega, como en Inglaterra Stonehenge, permitiría dende calqueira observatorio puntual o cálculo astronómico.


En todo este proceso a Lúa xoga un importante papel. Recórdese que a verba Calendario provén da misteriosa verba "Calo" que ao comenzo de cada mes, para axustar o calendaario lunar ao calendario solar, proclamaba solemnemente sete ou nove veces segunda a lúa chea, indicando cántos días levaban os idus, o *Pontífex Maximus*



Posible calendario solar e lunar en Laxe das Rodas.

Calendario solar e lunar de Stonehenge







(amable recordatorio de Marcial Tenrreiro).

Entre os indoeuropeos, compartindo incluso un mesmo nome e un común sentido, como o amosa o indoeuropeísta da Sorbona Eulogio Losada Badía, o mes [ingl. month, *lat. mens*] e a lúa [ingl. moon, *gr. mené*, etc.] son con frecuencia unha mesma cousa. Servindo primordialmente os uns e os outros como mesura, regra, serían mesmo todos eles sinónimos, estando segundo el emparentados os ditos termos non só xa con ese semáforo celeste provisto de fases luminosas que é a lúa, senón tamén co formidable instrumento de medir que é a mente, cunha raíz que quizais resida segundo o pensa Losada Badía na verba home (lat. *homo, hominis*, ing. man, etc.), así como no seu ata fai pouco principal instrumento de medir: a man, sendo en fin "o home a medida de tódalas cousas"» (Eulogio Losada Badía: Los Orígenes de hombre, 1998).





Como fixa hoxe a entrada da coresma, festa que duraba un mes e medio lunar, co inicio da lúa nova o clero cristián, na que se pagaban os impostos aos señores e os desmos á igrexa, no mundo indoeuropeo tal e como dixemos correspondía aos cregos, e os calendarios celtas de Coligny e de Collique confirman este aserto, harmonizar a conxunción dos meses (lunares) do calendario agropecuario cos solsticios e cos equinoccios do ano solar.



Diante do frío e da noite invernal, da súa inmensa indefensión, segundo o pensa Frazier, os nosos devanceiros foron quen de pensar mecanismos de revitalización para axudando ao sol no seu aparente declinar (considerado como un luminoso disco ígneo transportado na man divina ou nun carro, o carro solar conducido polo deus tirado por cervos, por bois ou por cabalos), intentar encamiñar os seus decadentes e febles pasos, prendendo de novo, cunha luz e cun calor terreste, na débil man celeste do "deus da roda solar"a lumieira esmorecente do Sol.

Conmemorando as cacharelas que para avisar á Virxe María do nacemento do seu fillo fixera o pai do Bautista, as fogueiras da festividade cristiá de San Xoán, teñen como contrapunto o Tizón de Nadal que conmemora no solsticio de inverno a chegada da "Luz do Mundo", o nacemento de Cristo, segundo a frase: "*convén que baixe eu para que medre El*"; atribuída a San Xoán polos teólogos medievais.


Tal e como o amosa a mitóloga da Universidade de Gales Miranda Green, e xa, entre nós, o amosara o comparatista da Universidade de Santiago, Fernando Alonso Romero, explicando de paso o complicado mecanismo de encaixe do calendario solar e lunar no ciclo agropecuario anual, os nosos avós os Celtas, herdarían dos seus avós neolíticos, os constructores de megalitos, o costume de dividir cunha serie de festividades o ano nunha estación clara, o **Verán**, e unha estación escura, o **Inverno**.


Na crenza, non por estendida menos errada, de que o pastoreo precede á agricultura, consideraba Frazer que estas datas, pouco relevantes para o laboreo do campo, eran fundamentais para o gando, o verdadeiro alicerce da riqueza labrega, porque como o amosan os chamados "curros vedros" , circos de pedra ben defendidos (*causos veteros*) de orixe neolítica, en maio era, posiblemente, cando se levaba o gando ás brañas (prob. do latín *verania*), aos pastos de fresca herba, e é en novembro cando se decidía a volta do gando á seguridade e á calor da corte.

Aínda que non semella imposible que o valor tan grande do gando maior fora o que fixo que os devancei-



Curro o couso vedro calcolítico (cercado megalítico) para gando vacún en Santo Tomé, O Xistral. Lugo (foto de 1995)





O Val de Trasancos dende o curro Neolítico de A Lagoa (Narón)

ros dos celtas dividiran o ano en dúas metades, e que sendo esencialmente pobos pastores (p.e. "*Domo Vacoeco*" = «Tenrreiro», «Becerra») os celtas, mantendo costumes ancestrais, celebraran que o seu gando marchaba ás brañas a comenzos do verán e que voltara a estabular de novo a comenzos do inverno, somos da opinión, como o sostén tamén Frazer, de que a razón das celebracións das festas dos maios tanto como a celebración das festas dos defuntos poderían responder, dentro da máis pura tradición da intencionalidade simbólica celta, ao feito de que a división celeste do ano consonte cos solsticios e cos equinoccios viña precedida no Atlántico polo que se chama unha "división terrestre" de acordo co principio da percepción humana do verán e do inverno, pois o primeiro de maio e o primeiro de novembro no Atlántico marcan claros momentos de viraxe climática, anunciando maio a rica vexetación estival, as promesas dos vindeiros froitos coa chegada da calor e das flores, mentres que novembro agoira, se é que non o trae posto, o frío e a escuridade do ano invernal onde só a carón da lareira "*afaise o día cando chega o fistor* (narrador de contos)".



Bosque Atlántico en outono

Dos tres ciclos de festas agrarias, inauguran estas celebracións o chamado "ciclo de maio", ou "ciclo do lume", ciclos propiciatorios cando ten lugar a floración da maioría das plantas e a aparición dos primeiros froitos que dura ata San Xoán (solsticio de verán), mentres que de xullo a outubro, no chamado "ciclo das colleitas", ciclo da recompensa ao traballo e da fartura marcadamente máis festivo e gastronómico, a comensalía familiar e colectiva pesa moito.

A noite do 31 de outubro comenzaba o ano novo celta como aínda se celebra na illa de Man a morte da terra, o espacio de grande perigo con tres meses: novembro, decembro e xaneiro, fóra do tempo. Marcando a transición do outono ao inverno esta noite, polo que vimos de dicir nos precedentes parágrafos, semella ser dende antigo a noite na que as ánimas dos finados voltan a visitar ás súas familias e ás súas casas para quentarse no escano a carón do lume da lareira e comer dos alimentos que, con agarimo e para honrarlles teñen preparados os parentes.



Cartel anunciador do Samhaín ou da Festa da Véspera de Tódolos Santos en Neda

As observacións que faremos agora son ilustrativas dun feito incontestable: mentres a igrexa se mantén en man de cregos do país, coñecedores dos nosos costumes, tratará de integrar comodamente no cristianismo as nosas tradicións, trasladando primeiro as honras dos defuntos da casa ao templo parroquial e logo ao camposanto; mais cando o clero é alleo ao país, aos costumes populares, tentará destruílos sistematicamente con violencia.

Este foi o caso do inquisidor franciscano e humanista en Valencia, Granada, logo bispo de Guadix, e bispo de Mondoñedo Don Antonio de Guevara, quen no século XVI reparando nuns costumes, que lle eran alleos, da diócese de Mondoñedo, e na crenza de que tódalas nosas tradicións celtas eran de procedencia quer xudea, quer mourisca, pensando que todo o monte é ourego, as prohibiría con ameazas e con castigos[1]. Por esta vía, aos poucos, desapareceron algunhas cousas das nosas tradicións.

Sendo tan amantes os galegos da familia, é comprensible que unha preocupación natural polos queridos defuntos expostos ao frío e a escuridade do inverno, abandonados na intemperie e na soidade dos camposantos, busque e encontre mecanismos de reparación.


Serían ilustrativos desta preocupación os cruceiros e os petos de ánimas exclusivos da nosa área cultural atlántica, a xulgar polas ofrendas de alimentos, e polo inmaterial (santa compaña, ritos de cortar a mortalla, etc) con eles relacionado.

En efecto, os celtas, pobo do que non convén esquecer que sobre todos os deuses adoraban un deus crepuscular conductor de defuntos, ao "Mercurio" ou ao "Hermes", segundo sinalan as fontes, como mostra da súa preocupación polas súas ánimas e polas ánimas dos antepasados seus, dentro desta tradición dos países atlánticos, argallaron, seguramente, dende os tempos dos seus avós neolíticos fórmu-




Cruceiro Bretón sobre Menhir





Mámoas no camiño de S. Andrés de Teixido


las (a Vía Láctea é un exemplo) e procuraron mecanismos para asegurar a estes defuntos seus, no triste deambular accidentado polos rueiros na súa viaxe ao Alén, a comodidade, a seguridade e o conforto de guías e de albergues, para axudar ás ánimas algo cegas a non perderse e a correr no seu desvalido camiño ao ceo.



Ara aos Lares Viales, igr. de S. Pedro de Oburiz

ÁNIMAS CEGAS

Ánimas desprotexidas e medio cegas que se encomendaban, ora aos santos cunhas veneradísimas reliquias que se gardaban nas igrexas coma tesouros, para que estes santos collendo da man as ánimas as conduciran ao ceo e as presentaran diante do "trono" de Deus, ora á piedade dos familiares que as acompañaban. Aínda é costume acompañar agarimosamente a Teixido ao defunto, avisándoo previamente a véspera no cemiterio: "fulano ou fulana, a tal hora mañá partimos para san Andrés". Parentes ou amigos a pé ou en vehículos parten co espírito defunto (se o transporte escollido é un autobús saca o acompañante tamén un billete para a ánima, avisándoa puntualmente para que non se perda se hai que facer un transbordo ou cambiar de liña) ata o santuario mencionado, invertindo o proceso ao regresar a ánima da romaría ao camposanto.



oucha do Monte de Nenos, Narón

Así a expresiva moucha neolítica que, quizais pola súa capacidade de ver nas tebras, se colocaba no interior dos dolmens e dos túmulos funerarios dispostos ás beiras dos camiños de peregrinación, como a atopada nunha mámoa do Monte de Nenos, Sedes, Narón, do período Neolítico, dará na Idade do Ferro e na dominación romana de Galicia, paso aos acompañantes dos defuntos na pantasmal viaxe ao alén, os chamados *Lares Viales*, poderosos axentes psicopompos intercesores.

LARES VIALES: O GALO, O CAN E A SERPE

Os *Lares Viales*, segundo se desprende da nosa *interpretatio/lectio* dunha placa do chamado Caldeiro de Gundestrup atopado en Suecia pero de factura celta, foron orixinariamente en toda Europa unha serie de animais especializados en pompas fúnebres, coma o can, a serpe, o cabalo, o galo, etc.

Caldeiro de Gundestrup



Asociado logo este último animal a San Pedro sería inicialmente, na interpretación galaico-romana, entre os celtas da *Gallaecia* Antiga, o chamado *Lar Ceciegaeco* (literalmente dos choscos).

Verémolo formar parte xunto á serpe e ao galo dos atributos do Hermes ou do Mercurio pagán e, na interpretación cristiá de San Pedro que, se é tolerable o aserto, herdaría porque lle cantou o galo as chaves do gardián das portas do ceo, o vigor psicopompo do lar asociado ao galo, o dereito de admisión das ánimas, herdando quizais do *Ceciegaeco Lar* galego. A igrexa de San Pedro de Oburiz (sic) en Lugo é un marabilloso exemplo do traspaso de funcións dos *lares* a San Pedro.




Apolo e Rosmerta (C. II)

Apolo rodeado de dous cornudos e de Mercurio con galo na man. Oburiz

Salientando que cando menos convirían os escépticos en que San Pedro é nos evanxeos o piar sobre o que Cristo edificou a súa igrexa, pero estes nada din das chaves, e do papel psicopompo do santo, da súa función receptora das ánimas no







Cruceiro de [illegible]



San Pedro (Castrelo do Miño) Foto de Alicia Paz Suárez Ferrín



Foto Alicia Paz Suárez Ferrín

Paradiso, o que é indicatico da afortunada síntese e marabillosa laboura adaptativa realizada pola igrexa.

A VIAXE NA BARCA DE PEDRA

Os acantilados de Teixido dominan envolvidos na vertixe tempestuosa do mar que brama na fondura, dende a máis privilexiada atalaia de Europa o borde occidental do Océano Atlántico.

Segundo a crenza dos celtas que vivían nos promontorios da Europa atlántica dende esta atalaia, cando os días son máis longos, na época clara do ano, podíase ver o sol desaparecer tralo océano. A antiga relixión precristiá pensaba que o sol se dirixía a unha bretemosa illa coñecida como Illa da Eterna Xuventude, paraíso luminoso e morada nocturna do sol e a lúa. Acollía esa illa as ánimas inmortais dos benaventurados que precisaban para chegar a ela cruzar o mar nunha barca conducida por un deus psicopompo.

Este paraíso celta de difícil acceso ao que se encamiñaban as ánimas benditas á procura de acougo e vida eterna fende as súas raíces na noite dos tempos. Coñecemos cada día mellor a común crenza primixenia do ámbito indoeuropeo que quere que as ánimas nazan no ceo e queden atrapadas nun corpo material e perecedoiro tras caeren como faíscas ou estrelas fugaces, liberándose de novo trala morte[1].

"Deus che leve a bo porto" é , conservando seguramente esta exhortación a memoria dunha vella crenza, unha expresión aínda empregada en Galicia segundo recolle Risco cando alguén se atopa cunha ánima. De feito, antigamente pensábase que as ánimas, ao deixaren os corpos dos defuntos, necesitaban percorrer un longo camiño para chegar a un porto seguro, a un "bo porto" de onde partían ao alén.

Cando as Almas chegaban ao mar segundo as crenzas dos celtas dos acantilados da Europa Occidental Atlántica, encontrábanse con puntos de embarque «Arenas do Paraíso» onde estaban as barcas de pedra xunto aos santuarios e lugares de peregrinación moi concorridos que se cristianizaron logo.

Estes lugares posiblemente contarían con santuarios adicados aos Lares Viales. Este é o caso da praia e da barca que deu pé ao santuario de San Cristobo (*Sancti Christophoro in Serpentibus*) e que ata hai pouco tempo se conservaba (ata que, temeroso quizais da desidia que nos invade a levou un particular para unha casa próxima ao santuario) a carón dun camiño que dende o santuario baixaba cara ás mencionadas (T. II de Sobrado) *Arenas de Paradiso* en Brión, Ferrol, onde as ánimas se embarcaban cara á Illa dos Ben Aventurados. Sucede o mesmo tamén coa barca que se conserva aínda no seu sitio na chamada Insúa do Medio no santuario, que fora igrexa paroquial na Idade Media de Santa Comba en Covas. Santos e barcos de pedra ferroláns que logo serían felizmente cristianizados e convertidos en camiños penitenciais, como o célebre de San Andrés de Teixido. Estes santuarios foron o punto de embarque, a modo de porto de Caronte, onde as ánimas chegaban acompañadas polo lar vial peregrino, habitualmente un can, ou cadela peregrina na *interpretatio* romana da relixión celtoatlántica atropomorfizado.



Psicopompo británico-romano





O canciño que en Francia aínda se chama *roquin* e que tiña por función velar, coma o Can Cerbero, para que os vivos non se colaran no mundo dos mortos e viceversa, deu pé ao nacemento do noso San Roque.

O can axudaba a apañar as almas polos camiños, e acompañándoas impedía que os defuntos se perderan, facilitándolles a chegada a bo porto, ás Areas do Paradiso onde esperaba a barca de pedra, lista para partir ao Alén. Este permítenos ver aínda o seu milagroso carácter en Combarro na celebración, precisamente o día de San Roque, da "Festa do Can" na que nunha padiola e no colo dun neno un canciño é transportado por todo o pobo. Humanizándose logo, por máis que no Toledo visigótico conservaban aínda as igrexas, santos con cabezas de animais, as miniaturas medievais representan a San Roque (Marcial Tenreiro) con cabeza de can e cunhas chaves. Sen dúbida, trala conquista dos países Atlánticos, as Galias, a Gallaecia e a Britania, por Roma, este can no sincretismo celto-romano viría a ser o acompañante dun camiñante barbudo que cun báculo de peregrino na man dereita, portando na man esquerda os avelurios (as mazás) da inmortalidade, da illa de Avalón, do Paradiso, transportaba as ánimas dos defuntos que en forma de paxaro pousaban no seu santísimo lombo .

ETAPA TERRESTRE DO OCASO CELESTE

Este camiño tenta imitar a morte e a resurrección da Luz do Mundo, do Sol que morre, do «dying god». Outrora monopolio dos Lares Viales, a etapa terrestre, a que máis pegadas e satisfaccións fornece aos arqueólogos, é hoxe a etapa do senderismo, a etapa xubilar xacobea. É a representación da vida revisitada pola alma dende o seu nacemento ata o seu límite último. Confiada a conductores de almas especializadas, a Hermes/Mercurio e ao seu homólogo o Lug Celta, contendo a esencia da doutrina dualista indoeuropea, o día e a noite, o nacemento e a morte, a terra froitífera e o deserto que se abre nos cantís dos fisterras atlánticos danse cita "nos cabos do mundo" dos que dixera Risco referíndose a San Andrés "que dá a impresión de que alí rematou todo, e que de alí para diante non hai máis do que auga salgada escura e fría. Como dixera Rudyard Kipling, "alí vese do home o último límite". O choque na doutrina dualista "que enfronta as benfeitoras divindades do día, do bo tempo e da vida, contra os poderes maléficos da morte, da tormenta e da noite" , que enfronta a Hércules, heroe solar, con Argos o dos cen ollos que son as estrelas da noite. Argos, personificación do ceo estrelado, morto por Hermes dunha pedrada, equivale ao Lugh celta, como o sinala Juvainville engadindo que o "Hermes matador de Argos" é o crepúsculo: "Hermes é o crepúsculo e esa pedra que ao ser lanzada por Hermes mata a Argos ou á noite, é o sol que unha man invisible guinda cada mañá dende o Oriente cara ao alto do ceo. Lug é o Hermes céltico e coma o Hermes grego personifica ao crespúsculo e mata ao seu adversario dunha pedrada."

O camiño do deus crepuscular conductor e protector das almas, é o camiño que, sen sabelo, realizan cada ano milleiros de peregrinos xacobeos. O Camiño de Fisterra é o camiño de milleiros de peregrinos ao santuario de San Andrés de Lonxe. O camiño da vida, que quizais dende o Neolítico, comparten as ánimas do mundo indoeuropeo cos seus monitores, coa Santa Compaña, coa Sociedade do Oso, e co seu equivalente europeo, a Menie Hellequin ou a Herlatingui Medievais, da que falan Orderic Vidal ou Gautier Map. Un camiño que comparten as ánimas con peregrinos xacobeos que, no presente cristián, e no actual pontificado de monseñor Barrios, acoden por ducias de milleiros procedentes de todo o mundo ao pé do Pórtico da Gloria, a Santiago de Compostela, ás reliquas do señor Santiago forxado ao fulgor do raio, "fillo do trono", apóstolo peregrino e matamoros. As ánimas seguen ata Fisterra o seu peregrinar e con elas moitos peregrinos xacobeos co apoio expreso das asociacións defensoras do Camiño de Santiago e cun certo, inexplicable e inxustificado, disgusto dos Coengos da Catedral compostelá.

Un camiño, un Tránsito Solar Horizontal que sen sabelo realizan estes peregrinos, preparándose espiritualmente para a morte e para o renacer da vida eterna prometida por Cristo na sua resurreción.

Os lares viales son seguramente a personificación dos animais que acompañaban ao Hermes/ Mercurio/ Lug celta.

Completábase, tal e como o amosa o mencionado caldeiro de Gundestrup atopado en Dinamarca pero de factura celta, o cadro animalístico cunha serpe. É a serpe que nos montes de Brión, chamado por este motivo na Idade Media "das Serpes", asistía a San Cristobo, a cobra, coca ou tarasca, cunha memoria prodixiosa, tiña seguramente a función de facer subir en orde as ánimas á barca de pedra chamándoas polo seu nome. A

«O camiño do deus crepuscular conductor e protector das almas, é o camiño que, sen sabelo, realizan cada ano milleiros de peregrinos xacobeos».





Festa en Dublín

San Cristobo, posible cristianización doutro dos nosos *Lares Viales*, correspondíalle o piadoso encargo de atender persoalmente as ánimas preguiceiras que chegando a destempo as chamadas na Idade Media "Areas do Paradiso", praia na boca da ría próxima ao santuario de San Cristobo de Ferrol, perdían o barco para o Alén, apañándoas unha a unha e subíndoas ao seu propio lombo de grande capacidade. San Cristobo, un xigante capaz de transportar todo o peso do mundo, camiñando veloz nun continuo trasego, sen afundir, correndo pola auga, ata alcanzar a barca que se afastaba da terra dos vivos. A barca de pedra similar á empregada por Santa Comba e por San Silvestre para chegar á Terra de Trasancos, que aínda se conserva na Insua do Medio a carón da capela de Santa Comba, Covas, Ferrol. O mesmo San Cristobo participando desta intensificación, máis por prevención que por que se dese o caso da caída accidental dunha ánima ao río ou ao mar, represéntase ocasionalmente, cun salvavidas moi particular, consistente nunha roda de muíño.



San Cristobo de posible procedencia galega

O salvavidas de pedra, como o singular navío de pedra que leva as ánimas ao paraíso, é quizais producto da intensificación celta (onde o deus cego é o que mellor ve, o deus manco é *precisamente* o que mellor alcanza, unha embarazada de nove meses sobrepasa na carreira aos cabalos máis veloces, etc.) para indicar que se está en mans do sobrenatural, A pedra de Deus flota, e, por este motivo, como recolle en tradución de A. Moralejo o Códice Calixtino no capítulo XVIII, o apóstolo Santiago "sentado sobre un penedo veu sobre as ondas do mar" dende Xerusalén a Galicia.



San Cristobo con barca hanseática (Galicia)

Barca de pedra na que dende a súa capela sita ao pé do Monte de Brión acudía San Cristobo para visitar á virxe de Chanteiro, ata que este santo, con gran contento do Sr. Francisco Calo Lourido, máximo pontífice senón da celticidade si ao menos do minicelticidio orquestado na nosa terra, quedou sen barca cando lla levou para a súa casa un afortunado particular. Recuncando, mais esta vez como *augur*, trala súa andaina anticeltista de Brest, onde, non o calo aquí, liou el unha tan gorda que invitado logo pola Universidade de Bretaña Occidental a un expiatorio Coloquio Internacional sobre os Celtas na Península Ibérica rexeitou ir demostrar (por patentes?) os seus celtófobos asertos, o Sr. Calo anda hoxe de novo ocupadísimo a escribir (ler non é o de Paco) expoñendo que as pétreas barcas e o Calixtino Códice son trolas inventadas hai pouco tempo. ¿Por Santa Comba?, ¿Por Santo Andrés?, ¿Por Santiago? ¿Polo Diaño se cadra?. Xa o decidirá el noutro congreso expiatorio. Quizais mitiguen a lourida alegría do noso incrédulo erudito as tristes bágoas da nosa Virxe de Chanteiro – «xa non hei barca nin embarcador»–, agora sen visitas, e a negra pena de San Cristobo chorando a perda da súa barca.

De existir dúbida sobre o carácter mariño ou fluvial de San Cristobo, obsérvense nas pinturas murais das igrexas galegas as naves atlánticas, como a que recolle Alicia Paz-Suárez Ferrín, autora das interesantísimas fotos das pinturas murais de San Pedro de Castrelo do Miño que amosamos. Miña será, e de ningún outro, a responsabilidade das opinións verquidas aquí. Con, ou sen filtro, con, ou sen chiste, celtas son ao cabo os santos, os barcos negados e aínda os lares viales da *interpretatio* galaico-romana que visitamos.

I CERTAME de TEATRO INFANTIL e XUVENIL

ATENEA ano 2003

[B A S E S]

1º) As entidades ATENEO FERROLÁN e CAIXANOVA convocan o I Certame de Teatro Infantil e Xuvenil "ATENEA", dirixido a Centros Escolares e mais a Entidades ou Sociedades Culturais que teñan sección infantil ou xuvenil de actividades, co fin de promover entre eses primeiros segmentos de nosa cidadanía o interese, afección e amor ás letras e á representación escénica de obras teatrais breves, tanto de autores consagrados como noveles ou inéditos.

2º) PARTICIPANTES. Poderán participar e optar ós premios que se establecen, tódolos grupos teatrais, non profesionais, vencellados a Colexios Públicos e Privados, a Sociedades Culturais ou Veciñais da comarca, que se correspondan coas tres categorías que se establecen nestas Bases.

3º) CATEGORÍAS. Establécense tres categorías para a participación neste Certame:

A) Grupos con idades ata 12 anos (o equivalente á primaria no ensino)

B) Grupos con idades ata 18 anos (o correspondente á secundaria)

C) Educación Especial

4º) CONDICIÓNS BÁSICAS.

a) Cada grupo participante só poderá presentar ó Certame unha obra.

b) A duración da representación de cada obra non poderá exceder de 75 minutos.

5º) Tódolos grupos que queiran participar deberán envia-las súas solicitudes ó Ateneo Ferrolán (Rúa Madalena, 202. Aptdo. 303. CP 15402. Ferrol) nas cales farán constar os seguintes datos: nome do colexio ou entidade e da persoa responsable cos datos correspondentes ó grupo presentado (nome do grupo, nome da obra, número de actores e idades, duración da obra e espacio necesario).

6º) PRAZO. O prazo de presentación para a participación no Certame remata o 21 de xaneiro do 2003. Co gallo de facilita-la asistencia e traballo do Xurado, xunto coa solicitude deberá achegarse unha copia do texto da obra, así como a data de representación, hora e lugar previstos.

7º) REALIZACIÓN. A representación das obras, na súa primeira fase, terá lugar nos meses de febreiro, marzo e abril do 2003, dentro dun programa que estará en función do número de participantes. O Xurado fará unha selección de TRES grupos nas categorías A e B. Na categoría C haberá unha selección dun só grupo.

Tódolos grupos seleccionados actuarán na fase Final do Certame, tendo previsto a súa realización arredor do Día das Letras Galegas.

8º) XURADO. O Xurado será nomeado, de mutuo acordo, entre o Ateneo Ferrolán e maila Caixa Nova, entre persoas representativas dos medios culturais e do ensino.

9º) PREMIOS. A Organización fará entrega dunha figura representativa do Certame ós grupos e dun Diploma a tódolos participantes. Os premios constarán dunha cantidade en metálico, igual para tódolos grupos finalistas, pola cantidade de douscentos cincuenta euros (250 €) que deberán ser destinados á adquisición de materiais para a formación e promoción das artes escénicas. Entre os grupos finalistas de cada categoría, o Xurado fará mención honorífica dos máis destacados nos seguintes apartados:

a) Mellor Adaptación de Textos

b) Mellor Montaxe e Escenografía

c) Mellor Representación

10º) A presentación a este concurso supón a plena aceptación destas Bases. Tódolos imprevistos, non contemplados nelas, serán resoltas polo Xurado sen ningún tipo de apelación.

ORGANIZA:



ATENEO FERROLÁN

PATROCINA:



caixanova

O PARNASO



CATRO POEMAS ESTIVAIS

I

a ti, por exemplo

todo podería esquecelo

eu que son eu que son eu que son eu

e loito sen saberme (ti me saberás máis)
e nacín nunha páxina do teu libro, xusto ao borde, feminino e /
cansado
terribilizando, tal é o meu leite de verbos
e ti coñeces os meus límites de fera, en gris,
pero ti non me coñeces
i eu estenderei os meus dedos de sangue a miña pel que vista /
o universo
universa de min mesma para enxendrarme da ova sucia
ti non me coñeces e sabes todo de min
sabes o futuro desta liña que descansará na túa man
sabes o que miro cómo o miro a escaseza dos meus ollos que
deron título a estes textos
podes pasearte impune pola orela de min violarme cos ollos /
voltos cara atrás e verme
tan virxe como se levitase
como se tivese a túa area contra os ollos e non puidera verte

cómo maxicamente pulsar as túas contras para que te abras

non sei quén es
non sei quén es

(inédito)

II

gústanche os xogos de imáns, palabra irmá de diamante,
gústanche as faces nas pedras
as pirámides e os prismas e a visión da mosca

gústache o que dá voltas arredor dun eixe fixo
un sistema

e cando todo así
sobre todo gústache o que vén de non se sabe
e desimanta o punto fixo
e desacorda e desprisma
e desaparece
e non tivo nome nin lugar
nin traxectoria

III

fotogramas

antonte fun ao cine e irei pasadomañá

dende que sei que a lúa lle dá á cervexa
que os bebés morren na escaleira de odessa
que o falcón maltés estaba vernizado en shakespeare
que a terra é o único que permanece
que bruto é un home honesto
que hal finou cantando
que o pai vingará a morte da doncela
que a morte gosta do xadrez
que hai dous soles no planeta de luke
que me mintas e me digas que me quixeches sempre
que a dilixencia roda asediada polos indios
que os libros arden a 451° farenheit
que o home tranquilo matou a un home
que o visconde de valmont vai namorar
que alguén viu cousas que non crerías
que groucho gobernará freedonia
que o neno cego dirixirá a novena con caldeiros
que o home elefante só é un home
que a reth, francamente, lle importa un figo
que non se deben deixar sombreiros encol das camas
que a princesa está prometida
que eu tamén son espartaco
que o aprendiz arela ser bruxo
que comerás os cordóns dos teus propios zapatos
que converter en bufón e almorzar sapos, *non merci*!
quén fabricou o *cube* e por qué
que ela vai nacer da fontana di trevi
que kaspar hauser sabía un conto sen final
que non poderán saír do comedor
que a pantasma toca o piano
quén usurpa a ultraviolencia
que dersu uzala teme o espírito do tigre
que a manteiga serve para outras cousas
que e.t. marchará para súa casa
que a forza te acompaña
que o asasino asubía peer gynt
que zelig nunca leu moby dick
que o ouro muda o corazón dos homes
que rosebud tan só era un trineo
que non se pode matar a un reiseñor
que o atraco é ás tres
que o emperador será infeliz
qué cousa é o horror
e a milana bonita de azarías
que non matou a liberty valance quen todos cren que matou a /
liberty valance
que ben-hur ha volver por mesala
que el vai facer o que debe facer
que as bicicletas non son para o verán
que o ladrón casará coa princesa
que o neno sacará a espada
que a batalla será ao mencer
que roxe o león da metro
que mañán será outro día
que outro día,
máis

dende que todo iso sei non podo deixar de mirar

IV

dicir o non dito será sempre un escándalo.
non repetir as formas só será dado aos bastardos, aos fillos /
descoñecidos, ao branco.
as algas nos abismos forneceranse dos pigmentos específicos /
para realizar a fotosíntese.
sempre soarán como correntes mariñas as arpas.
ás veces como bosques cun encanto.
os homes ocultarán baixo túnicas a súa febleza.
ti serás fillo de min.
entre o fa e o si mediará unha cuarta aumentada
e os dominios dun anxo abatido.
os cometas bifurcarán dúas colas: unha de gas e outra de po.
cando ninguén se mire ninguén saberá do comportamento dos /
espellos.
entre A e B estará C. entre A e C, D. daranse moitas voltas ao /
alfabeto.
a poesía analfabeta deixará marca nos ósos dos homes.
a man só contará ata cinco.
os seres deberán protexerse os ollos da luz e o peito daqueles /
aos que aman.
a música ás veces convivirá con eles máis que nada na natureza.
existirá a beleza dislocante, a que separa as pernas e nunca as /
volverá xuntar.
a numeración dará acubillo.
palabras hai polas que pagará a pena morrer.
o vento varrerá toda secuela.
vastamente.

(inédito)

Estívaliz Espinosa



A NOITE

A noite deitada do mar,
estoura ruxidos, nos seus pesadelos,
sen tino, batendo no estrano,
encorvada de mestos segredos,
fuxe do abeiro da branca raiola,
ferindo os fumes grises de incerto.

Do puzle infinito, baleiro de forma,
roubei este soño no inmenso,
e coas fillas de Xúpiter,
doncelas da fraga do ceo,
agardei que os deuses ditaran,
craves da álxebra obscura, sen concreto.


De costas a granda sonenta,
Alónxase a rúa, fendendo
Os eidos das súas respostas,
No río da miragre, frío teso;
E a noite deitada no mar,
Agáchase luxuriosa nos cantís do vento.

Elia Rico

MATA-RATOS



¿O noso Robín é un pouquiño fachendoso e afirma que fixo 42 puntos coas 5 frechas. ¿Pódelo demostrar?





¿Cantas caixas de floreciñas conseguiu apilar Dora?



Adiviña, adiviñanza...

I. ¿Que cousiña é que berra sen boca, corre sen pés, pégache na cara e ti non a vés?

II. Só por ceo e por mar ata min poderás chegar ¿que será?



A meiga Balbina estate a retar... ¿Serás quen de saír do labirinto?



Solucións

I. 15+15+8+2+2

II. Unha ra.

III. Dora ten 29 caixas.

IV. O aire. Unha illa.

V. O camiño é o III.

PRIMEIRO PREMIO DO 12º CERTAME FOTOGRÁFICO DE MEDIO AMBIENTE

NAMIBIA

ALBERTO PORRES VIÑES
(TARRAGONA)



ATENEO FERROLÁN
www.ateneoferrolan.org